

Modificación Puntual das Normas Subsidiarias de  
Planeamento do Concello de Becerreá:  
Delimitación do núcleo rural de Venda de Cruzul  
APROBACIÓN INICIAL-NOVEMBRO 2017



## Índice

1.	INTRODUCCIÓN.AVARIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA. LEI 21/2014	4
1.1	ANTECEDENTES	4
1.2	ANTECEDENTES DE PLANEAMENTO	4
1.2.1	Planeamento Xeral	4
1.1	PLANEAMENTO EN TRAMITACIÓN: O NOVO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL E A SÚA AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA	5
1.2	MOTIVACIÓN DA APLICACIÓN DO PROCEDEMENTO SIMPLIFICADO	5
1.3	SOLICITUDE DE INICIO DA AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA	5
1.3.1	Documentos integrantes da solicitude de inicio	5
1.3.2	Tramitación	6
2.	MEMORIA DESCRIPTIVA DAS ACTUACIONES PROPOSTAS	9
2.1	OBXETIVOS DA PLANIFICACIÓN.	9
2.2	XUSTIFICACIÓN.	9
2.3	TRAMITACIÓN E DOCUMENTACIÓN DO EXPEDIENTE	9
2.4	ALCANCE E CONTIDO DO EXPEDIENTE	9
3.	CARACTERIZACIÓN DO MEDIO	10
3.1	MEDIO RURAL E NATURAL	10
3.1.1	Fisiografía	10
3.1.2	Pendientes	10
3.1.3	Orientacións	11
3.2	CLIMA.	11
3.3	HIDROGRAFIA.	12
3.4	XEOLOXÍA: TECTÓNICA E ACTIVIDADE SÍSMICA	13
3.4.1	Tectónica	13
3.4.2	Litoxía	13
3.4.3	Hidroxeoloxía.	14
3.5	VEXETACIÓN E USOS	15
3.5.1	Vexetación potencial	15
3.5.2	Vexetación actual e usos do solo.	15
3.6	FAUNA	15
3.7	ESPAZOS NATURAIS	18



3.7.1	Reserva da Biosfera	18
3.8	A PAISAXE: COMPOÑENTES FÍSICOS, BIOLÓXICOS E ANTRÓPICOS	19
3.8.1	Compoñentes físicos da paisaxe	19
3.8.2	Compoñentes biolóxicos da paisaxe	19
3.8.3	Compoñentes antrópicos da paisaxe	19
3.8.4	Percepción e interacción do asentamento na paisaxe	20
3.9	POBOACIÓN	21
3.9.1	Datos xerais	21
3.9.2	Evolución demográfica	21
3.9.3	Conclusións	22
3.10	SITUACIÓN E DESCRICIÓN DA DISTRIBUCIÓN DOS ASENTAMENTOS NO TERRITORIO	22
3.11	As entidades poboacionais da parroquia de San Xoán de Becerreá.	23
3.11.1	O asentamento de Venda de Cruzul	23
3.12	O núcleo de Becerreá	24
3.12.1	A trama urbana	24
3.12.1	A expansión do solo urbano de Becerreá:	24
3.13	EDIFICACIÓNS E USOS DO SOLO	27
3.13.1	Tipoloxía arquitectónica	27
3.13.2	Ficha descritiva	29
4.	MEMORIA DE ORDENACION	31
4.1	ORDENACIÓN EXISTENTE	31
4.1.1	O sistema de asentamentos no planeamento vixente	31
4.2	ORDENACIÓN PROPOSTA	31
4.2.1	Xustificación da ordenación do núcleo rural segundo a Lei 2/2016	31
4.2.2	Sistema viario e estrutura dos núcleos	33
4.3	CONCLUSIÓN.	34
4.4	NORMATIVA URBANÍSTICA	35
4.4.1	Réxime de obras	35
Artigo 1.	Obras de construción	35
4.4.2	Ordenación do solo de núcleo rural	36
Artigo 2.	Ordenanza reguladora Núcleo Rural Histórico-Tradicional	36
Artigo 3.	Ordenanza reguladora Núcleo Rural Común	46

Promotor:



Concello de  
Becerreá

4.4.3	Normativa de protección do patrimonio histórico	52
Artigo 4.	Ámbito	52
Artigo 5.	Réxime de lexislación aplicable	52
Artigo 6.	Catálogo Urbanístico	52
Artigo 7.	Réxime xeral de aplicación	53
Artigo 8.	Regulación dos bens incluídos no catálogo de protección	53
Artigo 9.	Niveis ou graos de protección dos elementos catalogados	54
Artigo 10.	Tipos de intervención	54
Artigo 11.	Nivel Integral	55
Artigo 12.	Nivel Estrutural	55
Artigo 13.	Nivel Ambiental	56
Artigo 14.	Contornos de protección do patrimonio arquitectónico e etnográfico.	56
5.	COMPOSICIÓN DEL EQUIPO REDACTOR	58
6.	CATÁLOGO	59
7.	PLANOS	60



## 1. INTRODUCCIÓN.AVARIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA. LEI 21/2014

### 1.1 ANTECEDENTES

Segundo o art.6 da Lei estatal 21/2013 do 9 de decembro, de avaliación ambiental, é necesario que os plans e programas enmarcadas no ámbito desta Lei sexan sometidos a o proceso de avaliación ambiental estratéxica ordinaria.

### 1.2 ANTECEDENTES DE PLANEAMENTO

#### 1.2.1 Planeamento Xeral

A normativa urbanística vixente no concello de Becerreá está constituída polas Normas Subsidiarias Municipais de Planeamento, producíndose a súa Aprobación Definitiva o 28 de abril de 1995, e que foi publicado no Diario Oficial de Galicia o 24 de marzo de 1997 e no Boletín Oficial da provincia de Lugo o 11 de abril de 1997.

Estas Normas Subsidiarias modificáronse puntualmente en 2001, con dúas tramitacións independentes de ámbalas dúas modificacións puntuais.

A primeira delas, que foi aprobada definitivamente o 30 de marzo de 2001 (BOP 24/08/2001 e DOG 31/08/2001), consistía na modificación da delimitación do Solo Urbano para a inclusión dun Solo Dotacional.

A segunda foi aprobada definitivamente o 30 de maio de 2001 (BOP 25/06/2001 e DOG 25/06/2001) e contiña algunhas modificacións da normativa e pequenas correccións dos planos.

##### ***1.2.1.1 O sistema de núcleos no planeamento vixente.***

O planeamento vixente recolle o núcleo de Becerreá como solo urbano, e contempla ademais doce núcleos rurais a maiores.

A lexislación vixente durante a redacción das devanditas normas non incluía o Núcleo Rural como unha categoría de solo en si, polo que estes inclúense noutras categorías. Seis deles: Castelo, Cruzul, Cereixal, Guilfrey, Guillén e Ferreiros de Balboa inclúense dentro da categoría de solo Urbano, en tanto que os outros seis: Armesto, Eixibrón, Herbón, Morcelle, Torallo e Vilouta de Abaixo adscribíense á categoría de solo Non Urbanizable. Ademais cítanse outras vinte e tres entidades de poboación ás cales aplicaríaselles a mesma ordenanza de solo Non Urbanizable.

En ningún destes ámbitos recollese o ámbito o que fai referencia o presente documento.

##### ***1.2.1.2 O solo urbanizable no planeamento vixente.***

Nas Normas Subsidiarias vixentes contemplábanse dúas delimitacións de Solo Apto para Urbanizar, unha delas para uso industrial e a outra para uso residencial.

O primeiro destes terreos, de Uso Industrial, foi desenvolvido por un Plan Parcial e nel finalmente implantáronse varias empresas. Ao tratarse dun Parque Empresarial de dimensións moderadas chegou a ser ocupado na súa maior parte, e na actualidade non existe oferta suficiente de Solo industrial.

Os terreos delimitados como Solo Apto para Urbanizar de Uso Residencial non chegaron a ser desenvolvidos, debido a dous factores fundamentalmente: a insuficiente demanda de compra de vivenda e o excesivo tamaño da delimitación para poderse levar a cabo, cunha tramitación e xestión excesivamente complexas para as posibilidades reais dos empresarios inmobiliarios locais.



Tampouco atópase o ámbito na delimitación deste tipo de solo.

### 1.1 PLANEAMENTO EN TRAMITACIÓN: O NOVO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL E A SÚA AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

O Concello de Becerreá está tramitando o Plan Xeral de Ordenación Municipal, que conta ca emisión do informe previo da D.X. de Urbanismo.

O PXOM de Becerreá iniciou o procedemento da Avaliación Ambiental Estratéxica, denominado co código 0714/2009.

Primeiramente realizase a comunicación inicial, mediante o documento de inicio, en setembro de 2.008.

Con motivo da aprobación da nova lei 2/2010, recíbese comunicación por parte de dita Dirección Xeral, aludindo que trala aprobación Lei 2/2010, os plans e programas que non estiveran aprobados inicialmente antes da entrada en vigor da Lei, o 21 de Abril de 2.010, deberan segundo a disposición transitoria da LOUGA, adaptarse plenamente a ela.

Considerase que o documento de inicio non se axusta ós requirimentos establecidos no art. 84.4 da LOUGA, polo que solicítase un novo documento, o anteproxecto de planeamento.

Con data de setembro 2.010 foi novamente exposto o documento de anteproxecto de planeamento, polo período dun mes, emitíndose o documento de referencia en Novembro de 2.010 .

### 1.2 MOTIVACIÓN DA APLICACIÓN DO PROCEDIMENTO SIMPLIFICADO

O presente documento se corresponde cun plan enmarcado dentro do ámbito da ordenación do territorio rural e urbano, e que segundo o art. 6.2 .b., da devandita Lei, correspóndese cun plan que establece o uso, a nivel municipal, de zonas de reducida extensión.

### 1.3 SOLICITUDE DE INICIO DA AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA

Polo tanto se corresponde ca primeira das fases, a solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica, no que o órgano promotor presenta ante o órgano sustantivo, a Secretaria Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, xunto ca documentación exixida pola lexislación sectorial, que neste caso ven definida por:

- Borrador do Plan (BP)
- Documento ambiental estratéxico (DAE)

Estes documentos serán sometidos a consultas previas das Administracións públicas afectadas e das persoas afectadas, que se pronunciarán no prazo de corenta e cinco días hábiles desde a súa recepción.

Transcorrido este prazo sen que houbera pronunciamento, o procedemento continuará se o órgano ambiental conta con elementos de xuízo suficientes para elaborar o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico. Neste caso, non se terán en conta os pronunciamentos antes referidos que se reciban posteriormente.

#### 1.3.1 Documentos integrantes da solicitude de inicio

O Documento inicial estratéxico componse dunha memoria a cal conterá a documentación de tipo técnica que segundo o art.29 será alomenos a seguintes:

Os obxetivos da planificación.



- Alcance e contido do plan proposto e das súas alternativas razoables, técnica e ambientalmente viables.
- desenvolvemento previsible do plan ou programa.
- Unha caracterización da situación do medio ambiente antes do desenvolvemento do plan ou programa no ámbito territorial afectado.
- Os efectos ambientais previsibles e, se procede, a súa cuantificación.
- Os efectos previsibles sobre plans sectoriais e territoriais concorrentes.
- A motivación da aplicación do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada.
- Un resumo dos motivos da selección das alternativas contempladas.
- As medidas previstas para previr, reducir e, na medida do posible, corrixir calquera efecto negativo relevante no medio ambiente da aplicación do plan o programa, tomando en consideración o cambio climático.
- Unha descrición das medidas previstas para o seguemento ambiental del plan.

O Borrador do Plan conterá a seguinte documentación

- Memoria descritiva e xustificativa da ordenación
- Planos de Información e de Ordenación

### 1.3.2 Tramitación

O órgano municipal competente remitiu ao órgano ambiental a solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, á cal achegará a delimitación proposta e o documento ambiental estratéxico, co contido establecido na lexislación vixente (artigo 78.4.a) da LSG), en data do 22/06/2017.

O órgano ambiental, inicia o período de consulta pública, no prazo de dous meses, identificado co expediente 2017AAE2066, na súa páxina web. Achégase a consulta ó Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, entre outras Administracións Públicas.

Durante o período de exposición pública e consultas previas, achéganse os seguintes informes:

- Informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.
- Axencia Galega de Infraestruturas.
- Instituto de Estudos do Territorio.
- Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación tecnolóxica.

O órgano ambiental, tendo en conta o resultado das consultas, e en aplicación dos criterios sinalados no Anexo V da Lei 21/ no informe ambiental estratéxico, resolve non someter o documento o procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria.

Publicase o contido da resolución de data do 26 de setembro, no DOGA Núm. 212 do Mércores, 8 de novembro de 2017. O expediente poderá aprobarse nos termos que o propio informe establece (artigo 78.4.b) da LSG).

As correccións efectuadas no documento segundo os informes emitidos, descríbense a continuación.



### 1.3.2.1 Informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo:

Indica unha serie de cuestións, que deben de ser corrixiadas ou xustificadas no documento de aprobación inicial.

- o A xustificación da consolidación incorpora parcelas catastrais, a 270006A09400184 e 27006A09400394 que contan con edificacións inacabadas, polo que non poden ser consideradas como construídas. Ós efectos incorporase un novo plano con anexo fotográfico identificando as edificacións e corroborando dito feito.
- o Indicase que non debe ser considerada a parcela de referencia catastral 27006A09400423, polo que será excluída do cómputo da consolidación.
- o Determinase que a delimitación do ámbito NRT-03, atópase afastado do núcleo orixinal e conta cunha única edificación, polo que debería ser excluída da delimitación. Non obstante revisada a enquisa, comprobase a existencia de dúas edificacións de tipo tradicional, ambas adicadas orixinariamente ó uso residencial. Dada a súa tipoloxía e a ausencia de outros topónimos no lugar, aínda que se atopan afastadas, estas dúas edificacións non se atopan desvencelladas e formaban parte do núcleo rural, apoiado sobre o antigo viario da estrada nacional, que comunicaba as tres bolsas de tipo tradicional delimitado no presente documento.
- o Os planos de ordenación deberán definir o trazado da rede viaria pública e a sinalización de aliñacións. Incorporase.
- o O documento técnico da modificación incluírá un catálogo: Incorporase.

### 1.3.2.2 Axencia Galega de Infraestruturas

Emítese informe en relación as afeccións producidas sobre a estrada de titularidade autonómica e rango secundario LU-722:

- o Sobre as aliñacións de viario e de edificación: unicamente o ámbito de solo de núcleo rural tradicional identificado como NRT-02 ten, de forma parcial, fronte á estrada autonómica LU-722.

Segundo os criterios establecidos pola AXI, identifícase as aliñacións de viario a 8 metros do eixe viario, tal e como pódese apreciar no plano de ordenación. e a aliñación de edificación a 11 metros do eixe, sen que se teñan que admitir reducións extraordinarias por mor das frontes consolidadas pola edificación ou existencia de muros tradicionais.

- o Sobre as determinación das Directrices de Ordenación do Territorio (DOT).
  - **Determinación excluínte 3.1.5.d.** Non é de aplicación no presente documento, pola circunstancia de que a delimitación a carón das vías de comunicación, tanto a autonómica como a de titularidade estatal, é de carácter histórico tradicional, é dicir, non supón novos crecementos.
  - **Determinación excluínte 3.1.10.** Non é preciso o deseño de novos viarios, posto que existen distintas vías municipais, entre elas a antiga estrada nacional, que serven de apoio ó núcleo rural e ademais supoñen un acceso alternativo á vía autonómica.
  - **Determinación excluínte 4.1.8.** As parcelas con fronte á estrada autonómica se corresponden cas referencias catastrais 27006A09400182 e 27006A09300193, e ambas dúas contan con viario de acceso alternativo e atópanse edificadas con vivendas datadas con anterioridade ó ano 1950. A liña de edificación da estrada



Promotor:



Concello de  
Becerreá

LU-722 sobre parcela 27006A09300193 foi excluída no núcleo rural.

### 1.3.2.3 *Dirección Xeral de Patrimonio Cultural*

Emítese informe sobre o patrimonio cultural no ámbito da modificación, indicando a necesidade de incorporar catálogo de bens e ordenanza de aplicación ós bens catalogados.

- o Incorporase ficha no apartado 'Catálogo' da presente modificación puntual, que incorpora un ben ('Conxunto de casas tradicionais'), segundo o indicado no informe. Tralo traballo de campo correspondente, considerase que non é necesario a incorporación doutros bens.
- o Incorporase ordenanzas de protección do ben catalogado no apartado de normativa urbanística.
- o Incorporase Corrección á normativa que regra a clase de solo de núcleo rural histórico tradicional, así como os terreos existentes nos contornos de protección do ben protexido.

Cas correccións anteriores efectuadas considerase que o presente documento atópase adaptado ó descrito nos informes emitidos pola AXI, Dirección de Patrimonio Cultural e Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.



## 2. MEMORIA DESCRIPTIVA DAS ACTUACIONES PROPOSTAS

### 2.1 OBTIVOS DA PLANIFICACIÓN.

O obxecto da modificación puntual das Norma Subsidiarias de Planeamento do Concello de Becerreá se corresponde ca incorporación ó sistema de asentamentos o núcleo de A Venda de Cruzul, mediante á súa clasificación como solo de núcleo rural.

### 2.2 XUSTIFICACIÓN.

O art.83. da Lei 2/2016, do 10 de Febreiro, do Solo de Galicia (LSG) prevé a modificación do planeamento urbanístico, sempre que se atenda, segundo o apartado 1) a razóns de interese público debidamente xustificadas, por constituír un núcleo rural existente e dacordo coas condicións, como se verá en adiante, do art.23.1. da Lei 2/2016, do 10 de Febreiro, do Solo de Galicia, polo que precisa incluírse no sistema de asentamentos do Concello.

O non darse as circunstancias previstas no art.83.3., será preciso a modificación puntual das Normas vixentes.

### 2.3 TRAMITACIÓN E DOCUMENTACIÓN DO EXPEDIENTE

A LSG regula no seu art.78 as delimitacións de núcleo rural. Segundo o art 189.3. do Decreto 143/2016, 'Nos municipios con planeamento xeral aprobado, as modificacións deste que teñan por obxecto a delimitación de solo de núcleo rural tramitaranse co contido e seguindo o procedemento establecidos nos artigos seguintes.

### 2.4 ALCANCE E CONTIDO DO EXPEDIENTE

O contido do borrador do plan pertencente a Modificación Puntual será:

- Memoria descritiva e xustificativa da ordenación
- Planos de Información e de Ordenación



### 3. CARACTERIZACIÓN DO MEDIO

#### 3.1 MEDIO RURAL E NATURAL


##### 3.1.1 Fisiografía

Analizando o mapa topográfico, podemos apreciar un amplo gradiente altitudinal, que partindo dos seus lindes orientais, onde se localizan as menores altitudes, ascende paulatinamente ata acadar as súas máximas cotas nas serras que, con dirección N-S, lindan con Becerreá polo Oeste e envólveno pola súa banda meridional.

En liñas xerais, Becerreá presenta unha topografía accidentada, onde se poden diferenciar claramente dúas unidades xeomorfolóxicas: A unidade dos ensarillados vales laterais que verten cara á conca do Río Navia, verdadeiro responsable da formación do relevo do sector oriental do concello, con cotas que van entre os 325 e os 900 metros, e a unidade das serras occidentais, con cotas superiores aos 1000 metros na Serra de Calambuco e Serra da Pena Maior.

O ámbito de estudio, está precisamente localizado nesta segunda sección, nas faldas da Serra da Serra Maior, atópase entre os 700 e 800 metros de altitude.

O solo urbano de Becerreá atópase a unha altitude inferior, entre os 625 e os 700, no seu punto mais elevado, que linda co ámbito da Modificación Puntual.



##### 3.1.2 Pendentes

A clinometría do terreo (pendentes) é enleada e crebada. A maior parte das terras do concello, presenta pendentes que abalan entre o 20% e o 40%, o que dificulta unha enormidade a explotación agraria.



A posición do asentamento desenvólvese a ó longo dun camiño que discorre pola divisoria de augas dunha das faldas da Serra anteriormente citada, polo que as edificacións dispóñense nas áreas máis chans (pendentes do 10 ó 15%), que van tornando a maiores valores ata chegar ó 25% nas zonas de maior pendente.

### 3.1.3 Orientacións

Existen dúas claras orientacións na zona a describir, unha delas situada á solaina (orientación suroeste) e outra á umbría (orientación noreste), todo elo sen menoscabo de que a fisiografía da loma sobre a que se asentan as edificación, chaira e aplanada, atenúa ditas diferenzas.

## 3.2 CLIMA.

Cun clima oceánico continental de montaña, o concello de Becerreá sofre invernos longos e fríos con abondas precipitacións, alternando con veráns curtos e frescos.

A temperatura media anual vai dos 8 aos 12° C, non superando os 18° de media do mes máis cálido.

As precipitacións son abondas, estando a media anual entre os 1.500 e 1.900 mm acadándose as máximas nos meses invernais ao que hai que engadir unha duración media do período de enchentes entre 8-10 meses.

VARIABLE CLIMÁTICA	VALOR MEDIO
Temperatura media anual	8-12° C
Temperatura media mes máis frío	2-4° C
Temperatura media mes máis cálido	16-18° C
Duración media do período de xeadas	8-10 meses
E.T.P. media anual	600-700 mm
Precipitación media anual	1500-1900 mm
Déficit medio anual	0-100 mm
Duración media do período seco	0-1 mes
Precipitación de inverno	37%
Precipitación de primavera	24%
Precipitación de outono	29%



### 3.3 HIDROGRAFIA.

A rede hidrográfica do Concello, está rexida pola canle alta do Río Navia, o cal discorre polos lindeiros orientais do concello e é unha das principais correntes atlánticas.

Numerosos regueiros e regatos verten as súas augas no Navia, tendo as súas cabeceiras nas serras occidentais do concello. Os principais afluentes son o Cervantes, Ser e Rao que desaugan xa dentro do concello de Navia de Suarna. O resto da auga de choiva caída forma pequenos pero erosivos regueiros que, pertencen á conca do Miño (Subconca do río Neira, ver imaxe).

A área de estudio localízase na conca do río Navia.

Como xa se comentou, a área en cuestión desenvólvese por unha divisoria de augas, de xeito que a vertente localizada ó norte, que verte na mesma dirección, inclúese na parte alta do solo urbano de Becerreá. Estas augas rematan no regueiro do Vao Narón, tributario do río Narón.

A parte sur, pertence á subconca do río Ferreiros. Pequenas escorrentas superficiais o longo da superficie proporcionan auga ó rego de San Martiño.





### 3.4 XEOLOXÍA: TECTÓNICA E ACTIVIDADE SÍSMICA

#### 3.4.1 Tectónica


O concello de Becerreá localízase no límite entre a Zona Asturoccidental-Leonesa e a Zona Centroibérica, a cal caracterízase pola presenza de materiais, pertencentes ao Paleozoico Inferior e, en menor medida, ao Precámbrico, os cales aparecen intensamente encartados e fendidos. Sobre estes materiais atópanse, discordantes, pequenas concas terciarias que indican unha actividade tectónica recente. Entre elas, destaca pola súa extensión, a de Sarria, situada ao oeste de Becerreá.

As estruturas máis significativas son os grandes dobras anticlinais e sinclinais con orientación NNO-SSE e os sistemas de fallas NE-SO, que presentan buzamentos pretos á vertical.

A estrutura de maior relevancia é a gran Falla de Becerreá, cunha extensión de máis de 40 km con orientación NE-XO e un buzamento de preto de 70° cara ao SE.

#### 3.4.2 Litoloxía

O ámbito de estudio atópase nunha área composta por lousas, denominadas capas de transición, onde ademais aparecen ampelitas e pequenas intercalacións de calizas.




Estas últimas rochas son máis patentes na zona de Becerreá, a cotas máis baixas, onde alternase con zonas de depósitos de tipo cuaternario sociado a fondos de val. É precisamente nestas áreas onde a litoloxía da lugar a solos máis profundos e fértiles, mentres que os solos desenvolto a partir das pizarras e cuarzitas, serán polo xeral máis pobres.



### 3.4.3 Hidroxeoloxía.

En base a composición da rocha, d tipo metamórfico, a lousa e pouco permeable, polo que a auga discorre de forma superficial de forma predominante.





### 3.5 VEXETACIÓN E USOS

#### 3.5.1 Vexetación potencial

A vexetación potencial correspondente ó ámbito de estudio pertence á serie 7A, ó piso montano, denominado serie cantábrica astur do bidueiro ou *Betula celtiberica* (*Luzulo henriquesii* –*Betuletum celtibericae sigmetum*).

Debido a que esta comunidade vexetal é cabeceira de serie de vexetación, estas formacións pódense considerar de elevado valor ambiental.

#### 3.5.2 Vexetación actual e usos do solo.

Existe unha amalgama de especies diferentes na zona de estudio. A degradación da vexetación natural ven dada pola roturación do monte para fins agropecuarios, principalmente nesta área, tan cercana a unha entidade de poboación como é a de Becerreá.

Estas fincas, situadas ó carón dos camiños, foron posteriormente edificadas, dando lugar ó asentamento existente hoxe en día, mentres que o resto, que non foi edificado, foron abandonadas. Así, de xeito natural a vexetación foi substituíndose por especies do tipo *Salix* (*Salix caprea*, *Sorbus aucuparia*), e *Frangula alnus*.

Algunhas das parcelas foron repoboadas con especies forestais de piñeiro (*Pinus radiata*) con fins madeireiros. O seu valor ambiental é moi baixo. O seu interese ambiental reside no recurso económico que supón para as zonas rurais.

En áreas mais alonxadas, periféricas ó ámbito que estase a describir, as fincas non foron roturadas con fins agropecuarios, polo que existen rodais de cerquiño, *Quercus pyrenaica*, en toda a ladeira, xa que é unha orientación sur.

Especialmente relevantes se poderían considerar as masas forestais localizadas a caron do rego de San Martiño, incluído no espazo natural de Cruzul-Agueira, pola ampla biodiversidade de especies forestais.

Non se atopan polo tanto especies de especial valor na zona, escasamente natural, e cun grao alto de antropización.

### 3.6 FAUNA

A fauna do concello de Becerreá está representada maioritariamente por especies comúns e moi estendidas pola práctica totalidade da xeografía rexional, aínda que existen algunhas especies de maior interese, como resultado da proximidade da Serra dos Ancares. Esta falta de especies salientables débese ao grao de humanización da zona, xa que logo, a maior parte do territorio municipal foi sometido, dende tempo hai, a un intenso aproveitamento humano. Así, a implantación de asentamentos humanos e a subseguinte substitución das comunidades vexetais primixenias por outras máis empobrecidas, e máis tarde, o desenvolvemento de infraestruturas máis complexas (modernas vías de comunicación, áreas de servizos e industriais, etc.) supuxo unha perda de valor da comunidade de vertebrados debido precisamente a devandita humanización da contorna.

#### Peixes

Os cursos fluviais do concello acollen varias especies de peixes, das que soamente a troita presenta interese piscícola.

Pode salientarse a presenza de anguías, troita común e picardos.

#### Anfibios





No concello de Becerreá habitan varias especies de anfibios, moitos deles vencellados en maior ou menor medida en fase adulta ás láminas de auga (ríos e zonas encharcadas). A posición xeográfica do concello de Becerreá, de transición entre a Rexión Eurosiberiana e a Rexión Mediterránea, orixina unha mestura de especies características de ambas as rexións, ademais das endémicas da área occidental da Península Ibérica.

Destacan entre os anfibios, a píntega común e a saramaganta, esta última é a especie de maior interese, pola súa restrinxida área de distribución e por ser moi sensible ás alteracións humanas, dada a súa dependencia de cursos fluviais en bo estado de conservación. Contabilízase así mesmo o tritón ibérico, o palmeado e o xaspeado; os sapiños comadrons, o sapiño pinto ibérico, o sapo común, o corriqueiro e varios tipos de ras.

### Réptiles

Os réptiles da zona son, polo xeral, especies comúns e amplamente distribuídas pola rexión. A posición xeográfica do concello de Becerreá, de transición entre a Rexión Eurosiberiana e a Rexión Mediterránea, orixina unha mestura de especies características de ambas as rexións, ademais das endémicas da área occidental da Península Ibérica; esta diversidade permite a existencia dunha variada comunidade de réptiles.

Destaca o Escáncer, o Esgonzo tridáctilo ibérico, o Lagarto arnal; lagartas e lagartos, como o lagarto das silvas, endémismo ibérico moi estendido por toda a rexión galega e varios tipos de cobras, como a cobra de auga, a de colar ou a víbora de seoane. .

### Aves

Existen moitas especies de aves no concello de Becerreá. A variedade de hábitats que mostra

o concello (bosques, pradarias, áreas de matogueira) tradúcese nunha certa diversidade ornítica. Así, ademais de paseriformes moi comúns e estendidos pola campiña lucense, hai aves acuáticas nos ríos, aves propias de ambientes forestais, etc. A proximidade de Becerreá á Serra dos Ancares determina a chegada dalgunhas especies dende a devandita zona, que poden sobrevoar a zona. Debido á gran diversidade de especies, non sería práctica a enumeración de todas as especies de avifauna presentes no concello, por seren demasiado prolizo e exceder os obxectivos deste traballo. Trataremos unicamente aquelas especies de maior interese de conservación pola súa escaseza, por tratarse de especies catalogadas, etc.

Polo seu interese e escaseza, salientanse na zona, a perdiz vermella e o paspallás, ámbalas dúas de interese cinexético. A garza real e a cegoña branca que en ocasións sobrevoan o termo municipal.

O falcón abelleiro, o miñado real, o aguia cobreira, a tartaraña cincenta, entre outros, sobrevoan a zona. Así mesmo é posible atopar en medios forestais ao azor e ao gabián, mentres que é moi frecuente ver ao rateiro rapaz moi estendida por Galicia.

A maioría das especies orníticas de Becerreá non son relevantes desde o punto de vista ambiental. Unicamente debemos sinalar que a gatafornela (*Circus cyaneus*) e a tartaraña cincenta (*Circus pygargus*) áchanse incluídos no Decreto 88/2007, de 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas na categoría de "vulnerable".

### Mamíferos

A mastofauna da zona considerada está constituída, en gran medida, por especies vulgares, moitas delas de vocación antropófila, a maioría insectívoros e roedores sen interese de conservación. As especies de maior interese desapareceron debido ás transformacións sufridas polo medio.

Entre eles sobresa a presenza nos ríos do concello da aguaneira especie de gran interese por constituír un endemismo ibérico e estar incluído dentro do Catálogo Galego de Especies Ameazadas na categoría de "vulnerables".

Respecto dos carnívoros, o lobo (*Canis lupus*) é o animal de maior relevancia, entre outras razóns, debido á súa particular relación co ser humano. Segundo a Resolución de 8 de agosto de 2006, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, pola que se somete a información pública e audiencia aos interesados o Plan de xestión do lobo en Galicia, o concello de Becerreá encádrase entre os dunha densidade media de lobos (entre 1,27 e 2,29 lobos / 100 km<sup>2</sup>); ademais é especie cinexética (Decreto 284/2001, de 11 de outubro, polo que se



*aproba o Regulamento de caza de Galicia).*

O golpe (*Vulpes vulpes*), tamén é cinxético. A doneciña (*Mustela nivalis*), o tourón (*Mustela putorius*), o Furatoxos (*Martes foina*), o teixugo (*Meles meles*), a algaria (*Genetta genetta*), e posiblemente tamén a marta (*Martes martes*), a doniña branca (*Mustela erminea*) e o gato montés (*Felis silvestris*) son outros dos carnívoros do concello.

Especial relevancia merece a lonbra (*Lutra lutra*), pola súa dependencia estrita dos cursos fluviais e o seu valor como indicador da calidade das augas.

En canto ao oso pardo (*Ursus arctos*), o concello de Becerreá áchase fóra da “Zona de Protección do Oso Pardo”, pois o oso non habita o concello, polo menos de forma habitual. O certo é que o oso pardo practicamente desapareceu de Galicia, chegando aos Ancares exemplares procedentes das provincias de León e Asturias, onde existen núcleos reprodutores.

Os artiodáctilos están representados por varias especies de alto valor cinxético, como o xabaril (*Sus scrofa*), o cervo ou veado (*Cervus elaphus*), e o corzo (*Capreolus capreolus*); todos eles teñen a condición de especies cinxéticas (*Decreto 284/2001, de 11 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de caza de Galicia*).

Existen ademais numerosas especies de roedores, a maior parte das cales son carentes de interese de conservación e que ata poden constituír pragas, algunhas delas son de vocación antropófila, sendo comensalistas humanos.

A lebre ibérica (*Lepus granatensis*) é unha especie de interese venatorio que habita a zona.

A modo de conclusión, merece a pena destacar que, de todas as especies sinaladas, soamente a auganeira está catalogado na rexión.

Unha área xa antropizada como é o caso do que estase a falar, non tería como consecuencia nin a destrución do hábitat, nin a alteración do ciclo da especies antes citadas.



### 3.7 ESPAZOS NATURAI

O concello de Becerreá participa dos seguintes espazos protexidos, segundo a lexislación internacional, nacional e rexional:

- LIC É1120001 "Os Ancares " Caurel"
- LIC É1120007 "Cruzul-Agüeira"
- ZEPVN "Os Ancares " Caurel"
- ZEPVN "Cruzul-Agüeira"

O ámbito de estudio atópase fóra de calquera dos espazos naturais protexidos, sen embargo, é precisamente este último espazos, o de Cruzul-Agüeira, o ámbito que se atopa mais preto modificación puntual proposto, que recolle as marxes fluviais do xa mencionado rego de San martiño, e recorre a periferia Sur do núcleo urbano de Becerreá, tal e como aparece no plano adxunto.

Cruzul-Agüeira

No LIC "Cruzul-Agüeira", destacan as carballeiras galaico-portugueses, castañais e bosques de aciñeiras. Ocupa unha superficie de 652 Ha. que se reparte entre distintos concellos, como o de Becerreá e As Nogais.

Os hábitats existentes neste área denominados de interese comunitario (incluídos no anexo I da Directiva 92/43/CEE), que son o principal obxecto de protección e que xustifican a declaración deste ámbito como LIC e ZEPVN, son:

- Ríos de pisos de planicie a montano con vexetación de Ranunculion e de Callitricho-Batrachion.
- Brezales oromediterráneos endémicos con tojo.
- Prados secos seminaturales y facies de matorral sobre sustratos calcarios (Festuco-Brometalia).
- Bosques aluviales de Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior (Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae).
- Robledales galaico-portuguesas con Quercus robur y Quercus pyrenaica.
- Bosques de Castanea sativa.
- Bosques de Quercus ilex e Quercus rotundifolia.

Polo tanto estas áreas serán prioritarias na súa conservación.

#### 3.7.1 Reserva da Biosfera

Becerreá forma parte ademais da **Rede de Reservas da Biosfera** (acollida no seo do programa *Man and Biosphere*, da UNESCO). Así, o concello de Becerreá participa da "Reserva da Biosfera dos Ancares lucenses, Montes de Navia, Cervantes e Becerreá", declarada polo comité MaB da UNESCO o 26 de outubro de 2006 apoiando así a petición feita pola Deputación de Lugo a través do Instituto Lucense de Desenvolvemento Económico e Social (Inludes). A superficie desta nova Reserva é de 53.664 hectáreas, o que supón, aproximadamente, un 6% da superficie da provincia de Lugo.

Este espazo natural protexido inclúe os concellos de Navia, Cervantes e parte de Becerreá e **está considerado como unha unidade da gran Reserva do Cantábrico.**



### 3.8 A PAISAXE: COMPOÑENTES FÍSICOS, BIOLÓXICOS E ANTRÓPICOS

#### 3.8.1 Compoñentes físicos da paisaxe

Aínda tratándose dunha zona montañosa da comarca dos Ancares lucenses, os relevos non son moi acusados, predominando os outeiros e formas do terreo relativamente suaves e redondeados.

En xeral, apréciase unha elevación dos terreos en sentido E-W, acadando cotas superiores aos 1.100 m na zona SW do concello, pero os desniveis son regulares, non existindo, polo xeral, barrancos ou derrubamentos que cheguen a constituír elementos notables desde o punto de vista paisaxístico. Aínda así, en xeral, adoitan ser máis apreciados os relevos montañosos, nos que a verticalidade faise máis patente que os terreos completamente chairros, o que outorga ao concello un certo valor estético.

#### 3.8.2 Compoñentes biolóxicos da paisaxe

A vexetación que recubre o territorio é moi variable segundo as zonas.

Nas zonas baixas, a vexetación é, xeralmente, de relativa simpleza e escaso atractivo, por estar constituída de xeito moi notable por pradarias, de grande homoxeneidade, e xa que logo, alta monotonía cromática e formal; ademais, este tipo de vexetación correspóndese a etapas seriais baixas, debido ao intenso aproveitamento humano do territorio, o que redunda nunha paisaxe sen especiais valores estéticos. Tamén hai zonas de matogueira de diverso tipo: breixeiras xesteiras, etc.

As plantacións forestais de leñosas exóticas (principalmente piñeiro e eucalipto), constitúen outra das formacións vexetais máis relevantes de diversas zonas do concello de Becerreá.

De forma diseminada polo territorio áchanse importantes manchas de arboredo autóctono, de maior valor estético que as pradarias e que os cultivos forestais, tanto pola súa maior heteroxeneidade cromática e de formas, como pola mellor apreciación paisaxística que en xeral se ten sobre os bosques. O seu valor paisaxístico é maior, xa que as súas formas non son regulares, forman manchas diseminadas por boa parte do territorio, e adoitan ser apreciadas polos observadores. A diversidade de especies supón un maior riqueza visual en canto a cor e gran, ao que hai que engadir a variación estacional derivada do carácter caducifolio da maior parte das especies que compón os bosques de Becerreá (a variación tonal ao longo do ano é moi variada).

#### 3.8.3 Compoñentes antrópicos da paisaxe

Do mesmo xeito que no caso dos compoñentes físicos e biolóxicos, apréciase claramente un gradiente altitudinal na variación da paisaxe.

As zonas baixas, pola súa climatoloxía máis benigna e as súas formas topográficas máis suaves, foron poboadas desde antigo, e o aproveitamento secular do medio ha implicada profundas transformacións na paisaxe.

A presenza de asentamentos humanos fai perder carácter natural á paisaxe observada; no entanto, hai que facer notar que con excepción da única localidade que ten carácter urbano (a capital municipal) o resto dos pobos do concello souberon conservar un carácter rural que proxecta imaxe de paisaxe tradicional que, lonxe de degradar a paisaxe, é capaz de enriquecelo notablemente; o tipismo nas construcións aumenta a calidade da paisaxe. O centro urbano de Becerreá, en cambio, implica unha serie de transformacións máis notables, inherentes a un espazo urbano (edificios pouco integrados na contorna, etc.), pero a súa superficie é pequena no contexto municipal.

Hai que facer notar que o concello de Becerreá non conta con zonas industriais destacables que puidesen degradar a paisaxe (máis aló do Parque Empresarial, de pequenas dimensións, e situado nunha zona de escasa visibilidade), polo que carece dunha paisaxe industrial propio, o que redunda nun beneficio para o conxunto escénico.

As grandes infraestruturas tampouco danaron de xeito notable ao concello, xa que, con excepción da



autoestrada A-6, o concello salvagardou a súa integridade visual. No entanto, en áreas próximas a algúns tramos da devandita autoestrada permanecen vertedoiros como resultado dos movementos de terras executados para a súa construción.

Outras infraestruturas de menor envergadura, como estradas, liñas eléctricas, repetidores de telecomunicación, etc. aparecen diseminadas polo territorio, aínda que, a perda de naturalidade (e polo tanto, de calidade paisaxística que implican) non é excesivamente relevante.

As zonas altas do concello, en xeral, están libres de interaccións paisaxísticas notables. Precisamente desde estas zonas elevadas, as conchas visuais que se dominan son moi amplas, e permiten admirar a maior parte do concello no seu conxunto, resultando unha paisaxe de gran estimación visual.

#### 3.8.4 Percepción e interacción do asentamento na paisaxe

Os principal e único punto de observación sitúanse no núcleo de Becerreá.

A posición semielevada respecto ó solo urbano de Becerreá, do ámbito da modificación puntual, permite percibir esta área desde varios puntos de vista situados na capital, principalmente naquelas zonas situadas na parte suroeste.

Existen varios factores que merman ou limitan a percepción desta área edificada na escena:

A orientación: os elementos situados nas ladeiras na umbría, dada a escasa iluminación, sobre todo tendo en conta a condición de montaña, son menos perceptibles polo espectador que as situadas na solana.

As masas arboradas: a ladeira fortemente poboada con especies forestais maduras, producen un efecto de tamponamento na visión.



### 3.9 POBOACIÓN

#### 3.9.1 Datos xerais

O Concello de Becerreá ten unha superficie de 172,1 Km<sup>2</sup>, e unha poboación total de 2.921 habitantes, segundo fontes do INE do ano 2016, do que resulta unha densidade de poboación de 19 hab./km<sup>2</sup>, reflexo da evolución negativa da poboación.


No entanto, esta baixa densidade xeral do concello, cambia radicalmente se nos centramos na densidade do seu capital municipal: Becerreá ten unha densidade demográfica elevadísima, ao redor dos 400 habitantes por km<sup>2</sup>, do que se deduce que é a capital a que concentra a máis do 44% da poboación total do concello.

#### 3.9.2 Evolución demográfica

En canto á evolución demográfica segue a tónica xeral á baixa. O concello de Becerreá contaba a principios de século con 9.153 habitantes. Esta cifra foi descendendo desde os anos setenta polo éxodo rural e a emigración. Na década dos oitenta produciuse unha certa recuperación demográfica, presentando o censo de 1981 un total de 5.034 habitantes. Con todo, o crecemento vexetativo é negativo debido á baixa taxa de natalidade.

##### 3.9.2.1 *Evolución demográfica no solo urbano de Becerreá.*

Analizando a evolución poboacional do medio urbano nos últimos dez anos, chégase á conclusión de que tras un brusco descenso poboacional a comezos da década, finalmente estase a recuperar gradualmente os case cen efectivos poboacionais que se atopaban censados en Becerreá capital.



##### 3.9.2.2 *Estrutura demográfica*

A distribución da poboación por sexo e grupos de idades, constitúe a estrutura demográfica da poboación, que no caso de Becerreá e o abeiro dos datos oficiais do 2006, é a seguinte, tendo sempre en conta que a tendencia actual continúa en retroceso, sen expectativas vindeiras que fagan pensar nunha recuperación inmediata dos efectivos demográficos.



POBOACIÓN	TOTAL	HOMES	MULLERES
De 0 a 15 anos	220	109	111
De 16 a 64 anos	1.672	871	801
De 65 e máis anos	1.029	485	544
Poboación estranxeira	126	83	43

As diferenzas nas cifras entre as franxas de poboación de 0-15 anos: 220, e de 65 e máis anos: 1.029, determina que non se produza renovación xeracional, e que a tendencia a que a poboación aumente no futuro sexa baixa xa que a taxa de substitución é baixa, de 0,32.

Ademais a idade media incrementouse nos últimos 8 anos en 5.5 puntos, e no caso das mulleres en 6.2. (A idade media en Galicia é de 43,8 e en Lugo: 47,6).

### 3.9.3 Conclusións


Existe unha perda gradual de poboación e que cada vez está máis envellecida. Corroborado cos seguintes índices:

- Índice de envellecemento (Relación entre a Poboación maior de 64 e a menor de 20 anos): No Concello de Becerreá no 2006 é de 308,7. Incrementouse en 117,2 nos últimos 8 anos. Debido principalmente o descenso da poboación de menos de 20 anos. (En Galicia 2006: 133,5).
- Índice de sobrenvellecemento (Relación entre Poboación maior de 84 e a maior de 64 anos): Incrementouse en 4,8, desde o 1998 onde o valor era: 12,9 ata o 2006 onde é de 17,7.
- Índice de dependencia global (Relación entre a poboación economicamente dependente (menor de 20 e maior de 64 anos) e a poboación potencialmente activa (entre 20 e 64 anos): É de 84,2 o valor máis baixo desde 1998 consecuencia do incremento na franxa de idade de poboación activa e a redución na de menores de 20 anos.
- Índice de dependencia xuvenil (Relación entre a poboación menor de 20 anos e a poboación potencialmente activa, entre 20 e 64 anos): Reduciuse nun 13,2 nos últimos 8 anos, consecuencia do descenso de poboación na franxa de idade menores de 20 anos.
- Índice de dependencia senil (Relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación potencialmente activa entre 20 e 64 anos): Incrementouse en 10 puntos nos últimos 8 anos. Derivado do ascenso no número de habitantes maiores de 65 anos, sendo no 2006 de 1.133 sobre o total de poboación.

### 3.10 SITUACIÓN E DESCRICIÓN DA DISTRIBUCIÓN DOS ASENTAMENTOS NO TERRITORIO

Os 173,3 km<sup>2</sup> do concello de Becerreá, están ocupados por un total de 115 entidades de poboación, segundo o nomeclátor, as cales distribúense entre vinteseis parroquias, sendo a de San Martiño de Cruzul a que nos incumbe.

Esta parroquia conta cunha pequena superficie de 3,65 km<sup>2</sup> polo que a súa densidade media é baixa, de 18 hab/km<sup>2</sup>.



### 3.11 As entidades poboacionais da parroquia de San Xoán de Becerreá.

Tan só se definen tres entidades poboacionais nesta parroquia, segundo o nomenclátor.

Código INE	Núcleo	Poboación
070100	Cruzul	37
070200	Venda de Cruzul	20
070300	Vilar de Ousoón	20

#### 3.11.1 O asentamento de Venda de Cruzul

O núcleo de Venda de Cruzul atópase ubicado a carón da antiga estrada Nacional VI, que conta hoxe en día cun trazado rectificadado, polo que existe unha forte lligazón entre o núcleo, formado por casas algo afastadas, moi proximas o uso comercial, polo que non se conforma este núcleo como un propio do rural. As súas





proximidade o solo urbano de Becerreá é considerable, aínda que quedou forada delimitación do solo urbano.

### 3.12 O núcleo de Becerreá

#### 3.12.1 A trama urbana

Becerreá desenvólvese a partir da existente hoxe en día zona central, identificable hoxe en día polas tipoloxías das súas edificacións e a súa trama e estrutura complexa.

Nela pódense distinguir gran parte dos establecementos de uso terciario, a igrexa ou os xulgados, así como o antigo colexio e o polideportivo atópanse nas inmediacións da mesma.

Un pequeno esbozo das primeiras etapas do seu crecemento, pódese distinguir sobre os viarios Eulogio Rosón, Anovello e Avenida de Quiroga. Este último conta polo xeral con edificacións máis recentes, principalmente da segunda metade do século XX. Nel atópanse o centro de saúde, ou no extremo do mesmo, o recinto feiral.

#### 3.12.1 A expansión do solo urbano de Becerreá:

O trazado da estrada nacional (N-VI), leva consigo un proceso de forte dispersión hacia as zonas noreste e sureste, polo que se poderían considerar ámbitos de solo urbano discontinuos co resto do núcleo, debido a que a única conexión que contan co mesmo (estrada N-VI) non xera por sí soa a estrutura de malla urbana. Distinguiremos principalmente dous ámbitos: a zona noroeste e sureste:


- Na zona noroeste, detectanse unha agrupación de construcións tradicionais coñecida como Castelo, e unha zona de edificacións constituídas por vivendas de tipo colectivo, unifamiliar e naves, así como a zona dotacional do Instituto e o novo colexio.
- Na zona sureste do núcleo áchanse varias agrupacións de edificios dispostos ao redor dos viarios existentes, que veñen ser tramos da antiga estrada N-VI, sobre os que se construíron tanto vivendas como restaurantes ou talleres mecánicos.

Tamén se atopa nesta zona o parque empresarial existente, que se acha consolidado pola edificación e que conta coa rúa do polígono como viario estruturante principal.

Promotor:



Concello de  
Becerreá



FASE DE APROBACIÓN INICIAL

Modificación Puntual fas NNSSPP do Concello de Becerreá: Delimitación do núcleo rural de Venda de Cruzul  
NOVEMBRO 2017

Promotor:



Concello de  
Becerreá



Nas dúas vistas anteriores, pódese cotexar a fonda transformación do entorno o longo destes 60 anos, medrando o solo urbano de Becerreá (esquerda), a través do polígono industrial e modificando a estrutura viaria mediante o cambio de trazado da vía nacional (liña en cor gris).

De forma imprevisible, o cambio da traza non serviu de apoio a ampliación do núcleo, senón que éste expándese pola vía municipal ubicada.

FASE DE APROBACIÓN INICIAL

Modificación Puntual fas NNSSPP do Concello de Becerreá: Delimitación do núcleo rural de Venda de Cruzul  
NOVEMBRO 2017



### 3.13 EDIFICACIÓNS E USOS DO SOLO

O ámbito recolle un total de vinte edificacións, nove das cales teñen un uso residencial (senaladas en cor vermello).

Para a análise das edificacións tradicionais establécese como criterio que a edificación tradicional será aquela construída con anterioridade ó ano 1950, polo que conclúese que responden a unha tipoloxía recente.

As edificacións distínguense ademais entre os tipos de usos, diferenciando o residencial do auxiliar.

#### 3.13.1 Tipoloxía arquitectónica

Para o análise das edificacións tradicionais establececese como criterio que a edificación tradicional será aquela construída con anterioridade ó ano 1950.

No concello de Becerreá nos encontramos cunha tipoloxía arquitectónica típica de zonas de montaña, vivendas de grandes superficie (ocupación), illadas,, que configuran agrupacións ben definidas, nas que se integran as edificacións auxiliares, como son cuadras, alpendres, bodegas, etc.

No concello de Becerreá nos encontramos cunha tipoloxía arquitectónica típica da zona da montaña, e non se atopan diferenzas substanciais no tipo edificatorio, sendo as características mais significativas:

- Edificacións de planta cadrada ou rectangular. Predominio das edificacións illadas.
- As edificacións no sobrepasan as dúas alturas, sendo a planta baixa utilizada como cortello ou almacén e na parte superior adícase a vivenda.
- O material empregado en fachada é diverso, así pódense atopar materiais moi diversas como a fábrica de mampostería de lousa, cachotería de pedra, formación de sillares. Nalgúns casos as fachadas aparecen enlucidas e pintada.
- As cubertas soen ser de catro augas, sendo o material empregado a pizarra.
- A carpintería é de madeira así como de aluminio. As portas soen ser opacas e os cores alternan entre os verdes e marróns, etc...
- Obsérvanse elementos típicos da zona como son os corredores con pes de pedra ou estruturas de madeira.

A arquitectura do concello é en xeneral un reflexo da situación que vive actualmente a arquitectura en Galicia, presentando un estado de abandono importante.

##### 3.13.1.1 Elementos singulares

Destaca os seguintes elementos arquitectónicos nas vivendas:

- a. Corredores
- b. Patíns
- c. Balcóns
- d. Galerías
- e. Peches

O número de vivendas recentes é bastante parello o de tradicionais, o que demostra o seu grado de poboación e movemento edificatorio.

A superficie ocupada polas edificacións, dentro do núcleo rural histórico tradicional, diferenciado ditas

Promotor:



Concello de  
Becerreá

construcións en función da súa tipoloxía, ten unha media de 220 m<sup>e</sup> para as edificacións de tipo tradicional.

### ***3.13.1.2 Parcelario e peches.***

A parcela media en solo de núcleo histórico tradicional é de 1.120 m<sup>2</sup>.

No caso do núcleo rural de tipo común, as superficies, como resultante das actuacións derivadas da concentración parcelaria, son moito mais superiores, superando facilmente os 1.630m<sup>2</sup>.

Promotor:



Concello de  
Becerreá

### 3.13.2 Ficha descriptiva

Incorporase ficha descriptiva segundo o en coherencia do análise do modelo de asentamento poboacional relativo a unha figura de planeamento xeral.

## Morfoloxía

Categorización segundo as DOT Polinuclear laxa

Dinámica	Regresiva	Habitantes	20
Descrición do entorno	Accedese desde a estrada nacional VI e a estrada autonómica LU-722. Ben comunicado, atópase a ubicado a media ladeira, con fortes pendentes e rodeado de arborado.		

## Características das construcións

Nº Viv. tradicionais	6	Nº Edificacións auxiliares tradicionais	3
Nº Viv. recentes	4	Nº Edificacións auxiliares recentes	6
Nº Ruínas		Nº Inst agropecuarias	0

## Características do asentamento

Tipo Núcleo Núcleo histórico tradicional

## Tipo Histórico Tradicional

Superficie	9,670
Parcelas edificables	20
Parcelas edificadas	8
Consolidación	71

## Tipo Común

Superficie	8,355
Parcelas edificables	10
Parcelas edificadas	2
Consolidación	34

## Sistema viario

Descrición do viario	En bo estado polo xeral, de formigón e asfalto, transitable. Os anchos son variables segundo a titularida (estatal, autonómica ou municipal) do viario.	Ancho medio:	4-8 m.
		Beirarrúas:	non
		Accesibilidade:	
Descrición dos rúeiros e parceiro	Parcelas amplas e grandes, de superficies superiores á media do concello, habitualmente por riba dos 1.000 m <sup>2</sup>		

## Servizos urbanísticos

Abastecemento	si	Saneamento	público	Recollida Lixo	si
		Depuración	público	Alumeado	si

## Dotacións públicas

<input type="checkbox"/> Sanitario-Asistencial	<input type="checkbox"/> Deportivo	Otros:	Fontes e pozas.
<input type="checkbox"/> Educativo	<input type="checkbox"/> Servizos públicos	<input type="checkbox"/> Espazos libres	
<input type="checkbox"/> Cultural	<input type="checkbox"/> Dotacional Múltiple		

## Características das tipoloxías tradicionais

Descrición da vivenda	Vivendas illadas, de planta cadrada e rectangular, con patio frontal e peche perimetral de cachotería de granito de baixa altura, no que a meirande parte, mais da metade se atopa ocupada pola edificación.
Alturas	Dúas prantas. Ó primeiro andar accedese a través de escaleiras exteriores.
Cubertas	As cubertas tradicionais son de lousa. Son abundantes as edificacións auxiliares con cubertas metálicas.
Fachadas	As fachadas son de manpostaría, caleadas e/ou pintadas, haitualmente en cores brancas.
Ocos e carpinterías	Oss ocos son pequenos, sen cantería. Existen galerías e corredores.
Elementos singulares	Patíns, corredores, solainas, galerías...



## 4. MEMORIA DE ORDENACION

### 4.1 ORDENACIÓN EXISTENTE

#### 4.1.1 O sistema de asentamentos no planeamento vixente

O planeamento vixente recolle o núcleo de Becerreá como solo urbano, e contempla ademais doce núcleos rurais a maiores.

A lexislación vixente durante a redacción das devanditas normas non incluía o Núcleo Rural como unha categoría de solo en si, polo que estes inclúense noutras categorías. Seis deles: Castelo, Cruzul, Cereixal, Guilfrey, Guillén e Ferreiros de Balboa inclúense dentro da categoría de solo Urbano, en tanto que os outros seis: Armesto, Eixibrón, Herbón, Morcelle, Torallo e Vilouta de Abaixo adscribíense á categoría de solo Non Urbanizable. Ademais cítanse outras vinte e tres entidades de poboación ás cales aplicaríaselles a mesma ordenanza de solo Non Urbanizable.

En ningún destes ámbitos recollese ó ámbito o que fai referencia o presente documento.

### 4.2 ORDENACIÓN PROPOSTA

#### 4.2.1 Xustificación da ordenación do núcleo rural segundo a Lei 2/2016

Constitúen o solo de núcleo rural as áreas do territorio que serven de soporte a un asentamento de poboación singularizado, identificable e diferenciado administrativamente nos censos e padróns oficiais que o planeamento defina e delimite tendo en conta o número de edificacións, a densidade de vivendas, o seu grao de consolidación pola edificación e, de ser o caso, a tipoloxía tradicional da súa armazón e das edificacións existentes nel, segundo o art.23.1. da Lei 2/2016, do 10 de Febreiro, do Solo de Galicia.

Para identificar e determinalas entidades de poboación existentes no concello que forman Núcleo Rural, partírase dos criterios establecidos na Lei 2/2016 e no seu Regulamento de desenvolvemento.

A delimitación dos núcleos rurais que o planeamento estableza virá referida a algún dos seguintes tipos básicos:

a) *Núcleo rural tradicional*, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a vinculación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.

A súa delimitación realizarase atendendo á proximidade das edificacións, aos lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e á morfoloxía e ás tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50 %, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros) (artigo 23.3.a) da LSG).

b) *Núcleo rural común*, constituído por aqueles asentamentos de poboación recoñecibles como solo de núcleo rural pola súa trama parcelaria ou o carácter tradicional do seu viario soporte, pero que non presentan as características necesarias para a súa inclusión no tipo básico anterior. A súa delimitación deberá facerse en función das previsións de crecemento que o plan xeral estableza para o núcleo e tendo en conta que o ámbito delimitado deberá presentar un grao de consolidación pola edificación, de acordo coa





ordenación urbanística que para el se prevexa no plan, igual ou superior a un terzo da súa superficie (artigo 23.3.b) da LSG).

Para establece-la delimitación dos ámbitos dos núcleos rurais analizáronse as seguintes variables:

#### 4.2.1.1 *Topónimo*

Tódalas entidades de poboación delimitadas contan con topónimo e diferenciación administrativa. Para elo recolléronse as entidades administrativas do INE, das que houbo que completar ca Toponimia Oficial e Galicia, posto que algúns dos asentamentos non se incluían expresamente no nomenclátor estatístico.

No caso de Venda de Cruzul, cumprese co establecido.

#### 4.2.1.2 *Consolidación pola edificación*

O parámetro da consolidación determinase a través dos métodos establecidos na Instrución 4/2011 da consellería de Medio ambiente territorio e Infraestruturas.

Nela descríbense dous supostos o método gráfico e o método simplificado. Xustificarase a través do método simplificado.

**Método simplificado:** O método numérico ou de cálculo simplificado permite determinar o número total de parcelas edificables aplicando o coeficiente corrector de 1'75 ás parcelas hipotéticas que resultan de dividir a superficie bruta do ámbito entre a parcela mínima edificable que o plan estableza. Ten un carácter aproximativo, pero non se observa inconveniente no seu emprego como instrumento áxil que é, toda vez que do estudo pormenorizado realizado que basea a presente instrución resulta conservador en relación co método gráfico.

Aplicárase a formula

**Grao de consolidación (%) = coeficiente corrector 1'75 x [nº parcelas edificadas / nº parcelas edificables] x 100.**

**Nº de parcelas edificables = superficie bruta do ámbito / superficie de parcela mínima edificable.**

Os parámetros que incorporan as formulas se definen a continuación:

*Superficie bruta do ámbito:* superficie total delimitada do núcleo, incluíndo á vía e as dotacións, medida sobre o terreo, ou sobre a cartografía máis detallada dispoñible

*Parcela edificada:* parcela na que existe unha edificación destinada ao uso previsto no planeamento. Non computarán como edificadas as parcelas ocupadas por construcións que non poidan ter a consideración de edificación, de acordo coa lexislación vixente en materia de ordenación da edificación. Parcelas existentes/totais: As parcelas existentes segundo a cartografía do catastro.

*Parcela edificable:* parcela que, non estando prevista ou destinada a vía ou dotación urbanística, reúne as condicións mínimas para ser edificada segundo a ordenación proposta polo planeamento, coa previsión das posibles operacións de parcelamento. O seu número obterase para o ámbito de cada ordenanza concreta de solo de núcleo rural. Para o seu cálculo, será suficiente con prever as operacións de segregación posibles aplicables ao parcelario existente coas súas edificacións.

*Superficie da parcela mínima edificable:* establecece a través das Ordenanzas, como parcela mínima edificable, sendo diferentes para núcleo rural histórico tradicional e común.

#### 4.2.1.3 *Tipoloxía da edificación.*

A tipoloxía tradicional das edificacións virá determinada polo cumprimento destas dúas condicións:

- Que sexan identificables nas fotografías aéreas do «voo americano» do ano 1956. Incorporanse nos planos do modelo de asentamento poboacional planos onde se incorporan ortofotos históricas, representando as edificacións tradicionais, destinadas a vivenda e usos auxiliares



- Que teñan unha estrutura recoñecible como tradicional da arquitectura popular de Galicia. Quedarían polo tanto excluídas aquelas edificacións tradicionais que foron obxecto dunha fonda transformación e que non conservan aspectos propios da arquitectura tradicional.

#### 4.2.1.4 Cálculo do grao de consolidación.

O cálculo da consolidación realízase en función do tipo e tamaño do ámbito, utilizándose o método simplificado.

Cabe destacar que o cálculo da consolidación realízase para cada unha das entidades nucleares, de xeito que cada unha delas terá que obter o grao de consolidación por si mesma e non acadar o porcentaxe de consolidación mediante a media aritmética.

Cada un dos ámbitos identifícase mediante un código de catro cifras e letras:

As dúas primeiras se corresponden co número da entidade poboacinal, síguese dunha T (Tradicional) ou C (Común), seguido do número ó ámbito que pertence. Todos os núcleos posúen alomenos un ámbito tradicional.

O código do ámbito representase nos planos de delimitación do núcleo rural..

##### Calculo mediante o método simplificado

Aplicarase, segundo a ordenanza a que pertenza o tipo de núcleo, unha superficie mínima de parcela de 400 m<sup>2</sup> para o solo de núcleo histórico tradicional e 600 m<sup>2</sup> para o solo de tipo común.

FICHA	TIPO	ID	SUPERFICIE	PARCELA MINIMA	PARCELAS EDIFICADAS	PARCELAS EDIFICABLES	CONS.
01	Tradicional	NRT-01	2667	400	2	7	52%
01	Tradicional	NRT-02	4612	400	4	12	61%
01	Tradicional	NRT-03	2391	400	2	2	100%
01	Común	NRC-01	8355	800	2	10	34%

#### 4.2.2 Sistema viario e estrutura dos núcleos

O sistema viario dos núcleos está formada por vias que conforman unha rede primaria formada polas estradas provinciais que comunican os núcleos entre si, e viarios locais municipais, que comunican coas diferentes fincas, formando case sempre estruturas liñais ou radiais. As veces os viarios chegan a definir rúeiros.

O sistema viario dos núcleos está formada por vias principais ou lonxitudinais que seguen as curvas de niveis do terreo e por viarios secundarios ou transversais ós primeiros, que no interior do núcleo chegan a configurar estruturas de rúeiros, a ordenación seguida e a de rúeiro pechado sen recuamentos, apoiándose as fachadas moitas veces en dous ou mais viarios con forte desnivel entre eles. O adosamento das construcións evoluciona cara as situacións illadas.

Nos interiores dos núcleos en zonas consolidadas, a edificación dispónse aliñada coa vía dun xeito as veces irregular, pero conformando aliñacións. A posición das edificacións nestes casos é adosada, evolucionando este as situacións illadas.

A ordenación recuada e illada, e propia das edificacións con anexos que conforman as explotacións agropecuarias, coas casas de labranza, cortes e establos. Ás veces poden existir agrupamentos ben coas

Promotor:



Concello de  
Becerreá

construcións anexas ou outras propiedades.

#### 4.3 CONCLUSIÓN.

Polo anteriormente exposto enténdese que coas consideracións expostas o núcleo de escornabois, cumpre todas as condicións previstas na lei 2/2016 do Solo de Galicia, polo tanto pode acreditarse a súa existencia.

Serán de aplicación o réxime, as condicións de uso e as condicións de edificación, establecidas no presente documento en arreglo ás ordenanzas de solo de núcleo rural, do tipo tradicional ou común..

Dacordo co Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, redactarase unha Ordenanza co obxecto de garantir a protección necesaria o ben catalogado no presente documento..



#### 4.4 NORMATIVA URBANÍSTICA

##### 4.4.1 Réxime de obras

### Artigo 1. Obras de construcción

Os efectos do presente planeamento distínguense os seguintes tipos de obras de construción

1. Obras de intervención en edificacións existente

a. Obras menores:

aquelas obras de técnica simple e escasa entidade construtiva e económica, que non supoñan alteración do volume, do uso, das instalacións e dos servizos de uso común ou do número de vivendas e locais, nin afecten o deseño exterior, a cimentación, a estrutura ou as condicións de habitabilidade ou seguridade dos edificios ou instalacións de toda clase.

b. Obras de mantemento:

Actividades cotiás, continuas ou periódicas, de escasa complexidade técnica realizadas sobre o soporte material do inmovible para que se manteñan as súas características, funcionalidade e lonxevidade, sen que se produza ningunha substitución ou introdución de novos elementos.

c. Obras de conservación

Son aquelas medidas e accións dirixidas a que os inmobles conserven as súas características e os seus elementos en adecuadas condicións, que non afecten a súa funcionalidade, as súas características formais ou o seu soporte estrutural, polo que non suporán a substitución ou a alteración dos seus principais elementos estruturais ou de deseño.

d. Obras de rehabilitación

Accións e medidas que teñan por obxecto permitir a recuperación dun uso orixinal perdido ou a implantación dun novo uso compatible co inmovible.

e. Obras de reforma

Corresponden a aquelas intervencións que, podendo realizarse dentro e/ou fóra dunha edificación, implican a substitución ou transformación de materiais, elementos ou partes destes, alterando ou non a súa estrutura e volumetría.

f. Obras de reconstrucción

Son obras de ampliación en planta ou en altura, compatibles coa ordenación establecida, sempre que non impliquen variación da tipoloxía da edificación.

g. Obras de demolición

Accións destinadas á derruba ou desaparición total ou parcial dunha construción existente por calquera causa. Non terá a consideración de demolición parcial a derruba dos elementos estritamente necesarios para realizar as actuacións de conservación, rehabilitación, reforma e reconstrucción, sempre que se realicen simultaneamente no mesmo proxecto de obra.



## 2. Obras de nova planta

Se denomina a aquela construción dunha edificación sobre un solar libre, non que non houbo anteriormente unha construción, ou ben sobre o soar procedente do derrubo dun edificio existente.

### 4.4.2 Ordenación do solo de núcleo rural

## Artigo 2. Ordenanza reguladora Núcleo Rural Histórico-Tradicional

A presente ordenanza reguladora será de aplicación ó ámbito dos núcleos rurais delimitados no presente plan xeral de ordenación municipal desenvolvendo as seguintes condicións.

1. Definición da ordenanza ou norma zonal
2. Uso característico
3. Usos permitidos
4. Obras e tipos de actuacións
5. Obras de urbanización
6. Parámetros das edificacións das obras de nova planta
7. Condicións ambientais e estéticas en todo tipo de obras

## Ordenanza reguladora Núcleo Rural Histórico-Tradicional

### 1. DEFINICIÓN DA ORDENANZA OU NORMA ZONAL

- |  |  |
|--|--|
| a. Nome da ordenanza                       | Ordenanza de núcleo rural histórico-tradicional  |
| b. Espírito da ordenanza                   | As novas edificacións que se pretendan realizar nos núcleos rurais identificaranse coas características propias do lugar e estarán encamiñadas a consolida-la trama rural existente, manterán as condicións ambientais do núcleo, a morfloxía do asentamento e a tipoloxía das edificacións.   |
| c. Ámbito de aplicación                    | Os ámbitos de núcleos rurais delimitados e grafitada nos planos de ordenación de núcleos rurais e: 1:2.000 coa calificación de núcleo rural histórico-tradicional.   |
| d. Sistema viario e ordenación tradicional | <p><u>Sistema viario</u><br/>O sistema viario dos núcleos está formada por viais que conforman unha rede primaria formada polas estradas provinciais que comunican os núcleos entre si, e viarios locais municipais, que comunican coas diferentes fincas, formando case sempre estruturas liñais ou radiais.<br/>As veces os viarios chegan a definir rueiros.</p> <p><u>Ordenación illada</u><br/>A ordenación illada é exenta, propia das edificación destinada á vivenda que conta con anexos á vivenda ou destinadas a usos agropecuarios..</p> |

### 2. USO CARACTERISTICO



## Ordenanza reguladora Núcleo Rural Histórico-Tradicional

Residencial ¡Error! No se encuentra el origen de la referencia.¡Error! No se encuentra el origen de la referencia.

### 3. USOS PERMITIDOS

Terciarios, productivos, turísticos, pequenos talleres, novas tecnoloxías da información, dotacionais, asistenciais e vinculados a servizos públicos

### 4. OBRAS E TIPO DE ACTUACIÓN

- |  |   |
|--|---|
| a. Obras de conservación e mantemento                                      | As definidas no Artigo 1.1.b e c, sempre e cando non supoñían variación das características esenciais do edificio, nin alteración do lugar, do volume e da tipoloxía tradicional, conservando os elementos tipolóxicos característicos das edificacións segundo o estudio do análise do asentamento poboacional.  |
| d. Obras nas edificacións tradicionais ou de especial valor arquitectónico | As definidas no Artigo 1. 1.d, das edificacións tradicionais ou de especial valor arquitectónico existentes no núcleo rural, sempre que non supoñían variación das características esenciais do edificio nin alteración do lugar, do seu volume nin da tipoloxía orixinaria, sen necesidade de cumprir as condicións esixidas polo apartado 5. obras de urbanizacion e ó apartado 6. parámetros da edificación das obras de nova planta e ampliación conservando os elementos tipolóxicos característicos das edificacións segundo o estudio do análise do asentamento poboacional. |
| b. Obras de reforma  | As definidas no Artigo 1. 1.e, de reforma e ampliación en planta ou altura das edificacións existentes que non impliquen variación da súa tipoloxía, e dos elementos tipolóxicos característicos das edificacións segundo o estudio do análise do asentamento poboacional.  |
| c. Obras de nova planta  | As definidas no Artigo 1.2.Obras de nova planta encamiñadas a consolida-la trama rural existente, mantendo as condicións ambientais do núcleo, a morfoloxía do asentamento e a tipoloxía das edificacións.  |
| d. Obras de demolición   | <p>As definidas no Artigo 1. 1.g</p> <p>Quedan prohibidas as demolicións dos elementos tipolóxicos característicos das edificacións segundo o estudio do análise do asentamento poboacional.</p> <p>Queda prohibido o derrubamento ou a demolición das construcións existentes, agás os seguintes supostos:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>a. O daquelas construcións que non presenten un especial valor arquitectónico.</li> <li>b. O das edificacións sen valor histórico ou etnográfico,ou o das que téndoo escaso estean en ruína técnica.</li> </ol>              |



## Ordenanza reguladora Núcleo Rural Histórico-Tradicional

- c. Todos os engadidos que desvirtúen a tipoloxía, a forma e o volume de calquera edificación primitiva, ou que polos materiais neles empregados supoñan un efecto distorsionador para a harmonía e estética do conxunto edificatorio. Igualmente, todos os alpendres, almacéns e edificacións auxiliares que estean nas mesmas condicións.
- d. O das derivadas dun expediente de reposición da legalidade urbanística.

### e. Autorización das demolicións

Nos supostos previstos, solicitarase licencia de demolición achegándolle ó proxecto técnico un estudio xustificando e motivando o cumprimento e veracidade das circunstancias que concorren de acordo co especificado anteriormente.

### f. Actuacións prohibidas

As edificacións características das zonas urbanas e as que xa sexan de vivenda, auxiliares ou doutro uso, cuxa tipoloxía resulte impropia coas existentes no asentamento no que se proxecten, dacordo coa tipoloxía definida no plan xeral de ordenación urbanística e nas súas determinacións, sendo en todo caso as edificacións en tipoloxías de cuarteirón ou bloque. Non se inclúen neste concepto os invernadoiros con destino exclusivo á produción agraria, que poderán instalarse en calquera tipo de núcleo rural sempre que a súa construción sexa a base de materiais lixeiros e facilmente desmontables.

As naves industriais de calquera tipo. Non teñan dita consideración as pequenas construcións relacionadas coas actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasamento de produtos do sector primario.

Aqueles movementos de terras que supoñan unha agresión ao medio natural ou que varíen a morfoloxía da paisaxe do lugar.

A apertura de pistas, rúas ou camiños que non estean previstos no planeamento, así como a ampliación dos existentes e o derrubamento, de maneira inxustificada, de muros tradicionais dos rueiros ou corredoiras, agás disposición do planeamento que o autorice.

As novas instalacións destinadas á produción gandeira, agás as pequenas construcións destinadas a usos gandeiros para o autoconsumo aquelas explotacións gandeiras que figuran así definidas na normativa sectorial correspondente

As vivendas acaroadas, proxectadas en serie, de características similares e colocadas en continuidade en máis de tres unidades.

Os novos tendidos aéreos de telefonía, electricidade e outros.

Aqueles usos que, xa sexa polo tamaño das construcións, pola natureza dos procesos de produción, polas actividades que se van desenvolver ou



## Ordenanza reguladora Núcleo Rural Histórico-Tradicional

por outras condicións, aínda cumprindo cos requisitos da lexislación medioambiental, non sexan propios do asentamento rural.

A execución de actuacións integrais e consecuentes operacións de reparcelamento, ou outras actuacións de parcelamento ou segregación do parcelario orixinal, que determinen a desfiguración da tipoloxía do núcleo e a destrución dos valores que xustificaron a súa clasificación como tal.

Non se permitiran parcelacións no caso das parcelas que contén unicamente con acceso a través dunha estrada de titularidade autonómica, agás que tódalas parcelas resultantes teñan resolto o seu acceso por viais públicos que non sexan de titularidade autonómica.

### 5. OBRAS DE URBANIZACIÓN

#### a. Servicios e accesos rodados

Para autoriza-las edificacións esixírase ter resoltos, con carácter previo e a custa do promotor, como mínimo os servizos de acceso rodado, abastecemento de auga, evacuación e tratamento das augas residuais e subministración de enerxía eléctrica ou, noutro caso, garanti-la execución simultánea coa edificación.

Para edificar no ámbito dos núcleos rurais, deberá executarse a conexión coas redes de servizo existentes no núcleo rural ou nas súas proximidades. De non existir, deberán resolverse por medios individuais con cargo ao promotor da edificación e co compromiso de conexión cando se implanten os servizos.

Cando existan previsións de instalación de redes de servizo e instalacións en planeamento que a prevexa, e unha vez aprobado este definitivamente, realizarase a conexión coas redes existentes no núcleo rural ou nas súas proximidades.

poderá autorizarse a execución simultánea das obras de acometida, urbanización e edificación.

A execución das obras farase acordo co título V normas xerais de urbanización do presente plan xeral.

Os pozos de abastecemento as vivendas terán que estar distanciados de calquera fosa séptica, esterqueira ou foco contaminante alomenos 20 m

#### b. Espacio viario

Os propietarios deberán cederlle ó municipio os terreos destinados polo planeamento a viais, fóra das aliñacións, que resulten necesarios para que a parcela sexa edificable.

O cumprimento efectivo do deber de cesión terá lugar coa solicitude da licencia. Esta cesión formalizarase en documento público, acompañado de plano ou documento gráfico onde se exprese con precisión a superficie obxecto de cesión conforme as aliñacións establecidas.





## Ordenanza reguladora Núcleo Rural Histórico-Tradicional

Nas intervencións sobre os espazos públicos, os materiais utilizados harmonizarán co contorno e co ambiente rural, o mobiliario será discreto e reducirase ao estritamente necesario

### c. Regulación dos accesos

Poderanse permitir novos accesos as estradas.

Nos núcleos rurais non se realizarán accesos directos as estradas autonómicas, agás os accesos existentes, debendo realizarse os accesos ás parcelas dos mesmos a través doutras vías.

Nembargantes nos núcleos anteriormente sinalados, poderá solicitarse excepcionalmente ó acceso directo, previo informe da administración titular das estradas de acordo co artigo 38 da lei 4/94, sempre e cando que ó único acceso posible sexa a estrada ou que non poidese realizarse na vía alternativa por causas obxectivas e razoadas.

## 6. PARÁMETROS DA EDIFICACIÓN DAS OBRAS DE NOVA PLANTA E REFORMA

Tódalas obras de nova planta e ampliación cumprirán as condicións de este apartado, non serán de aplicación o resto das obras.

### a. Condicións da parcela

Parcela mínima	400 m <sup>2</sup> Agás casos excepcionais debidamente xustificados de parcelas inferiores localizadas entre outras xa edificadas que imposibiliten alcanzar a parcela mínima.
Fronte mínimo de parcela	8 metros Admitiranse 6 metros nos casos nos que se admita unha parcela inferior os 300 m <sup>2</sup>
Círculo inscrito	En posicións illadas o círculo será de 15 m. de diámetro. En posicións adosadas o círculo será de 8 m. De diámetro.

### b. Posición da edificación na parcela<sup>1</sup>

Aliñación	Serán os fixados nos planos de ordenación, prevalecendo á correspondente ás construcións tradicionais, que se determinarán no momento das solicitudes das aliñacións, segundo o <b>¡Error! No se encuentra el origen de la referencia.</b> de aliñacións e rasantes. No caso que existan patíns e corredores e outros elementos pertencentes ás tipoloxías tradicionais, procurarase a súa conservación e no caso de
-----------	---

<sup>1</sup> Segundo o artigo 29.1.g da lei 9/2002 da LOUGA



## Ordenanza reguladora Núcleo Rural Histórico-Tradicional

Recuado da edificación	<p>derrubamento ou incapacidade para rehabilitalo, será preciso a cesión da parte ocupada por estes elementos á vía pública, prohibíndose o seu aproveitamento.</p> <p>Ordenación illada:</p> <p>4 metros mínimo a eixo da vía, e ademais cumprirse a lexislación sectorial de aplicación, agás que o recuamento esté grafitado nos planos de ordenación.</p> <p>En posicións adosadas, repeteranse as aliñacións estables ou consolidadas, que se determinarán no momento das solicitudes das aliñacións, segundo o <b>¡Error! No se encuentra el origen de la referencia.</b> de aliñacións e rasantes</p> <p>As aliñacións estables ou consolidadas definiranse tendo en conta a posición das liñas de fachada das edificacións existentes adxacentes con respecto o viario, e en todo caso contarán co preceptivo informe vinculante do organismo titular da estrada.</p>
Distancia a lindeiros	<p>Posterior: 3 metros</p> <p>Laterais: 3 metros en caso de que se quixese recuar unha edificación ós lindeiros laterais.</p>
<b>c. Intensidade da edificación</b>	
Ocupación	<p>60%, para elo computaranse ademais da edificación principal as auxiliares ou complementarias</p> <p>A edificación principal non poderá en todo caso sobrepassar 160 m<sup>2</sup> de ocupación en planta.</p> <p>Admítanse as seguintes excepcións:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• No caso de parcelas edificadas con tipoloxías tradicionais, poderase excepcionalmente sobrepassar o coeficiente de ocupación por parcela sempre que non se exceda do máximo por planta para a nova edificación principal.</li> <li>• Cando se trate de parcelas con superficie inferior á mínima, poderase superar a porcentaxe, sen sobrepassar a ocupación máxima</li> </ul>
Volume máximo <sup>2</sup>	<p>O volume máximo de construción delimitado polos planos de fachada e de cuberta.</p> <p>O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes no núcleo rural. No caso de que resulte imprescindible superalo por esixencias do uso ou da actividade, deberá descompoñerse en dous ou máis volumes conectados entre si, co fin de adaptar as volumetrías ás tipoloxías tradicionais propias do medio rural. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.</p>
<b>d. Volume da edificación<sup>3</sup></b>	
Número de plantas	Dúas plantas medidas desde a rasante de beirarrúa que da acceso a

<sup>2</sup> Segundo o artigo 29.1.c da lei 9/2002 da LOUGA

<sup>3</sup> Segundo o artigo 29.1.e.d da lei 9/2002 da LOUGA



## Ordenanza reguladora Núcleo Rural Histórico-Tradicional

edificación.

As plantas que verifiquen as condicións definidas no **¡Error! No se encuentra el origen de la referencia. ¡Error! No se encuentra el origen de la referencia.**, terán a consideración de plantas baixorasante.

Os semisotos permitiranse unicamente cando as condicións topográficas impidan o desenvolvemento da edificación doutro xeito, computando en todo caso como unha planta.

Os sotos permitiranse unicamente naqueles núcleos que se xustifique a súa presenza nas edificación de tipo tradicional. O acceso, resolverase unicamente polo interior da edificación.

Altura de cornixa	<u>Ordenación aliñada</u> 7 metros medidos no centro de tódalas fachadas, desde a rasante de beirarrúa ó arrinque inferior da vertente de cuberta.
Altura sobre o terreo	<u>Ordenación recuada</u> 7 metros medidos no centro de tódalas fachadas, desde a rasante natural do terreo ó arrinque inferior da vertente de cuberta.
Altura de coroación	2,50 m. a partir do arranque inferior da vertente da cuberta hasta o cumio da edificación. Nas posicións adosadas, a altura de coroación non poderá superar a altura dos cumios das edificacións adxacentes. No caso de que as edificacións adxacentes teñan diferentes alturas, con escalonamento das mesmas, a altura de coroación non poderá supera-lo punto medio entre os cumios das devantidas edificacións.
Pendente de cuberta	Pendente igual ou inferior a 35°
Altura máxima da edificación	Cumprirá tódolos parámetros anteriormente indicados, e quedará supeditada a súa fixación o establecemento de aliñacións e rasantes segundo o <b>¡Error! No se encuentra el origen de la referencia.</b> aliñacións e rasantes

## 7. CONDICIÓN AMBIENTAIS E ESTÉTICAS EN TODO TIPO DE OBRAS

### a. Formas da edificación

Soportais e pasaxes	Poderase recuar a planta baixa. Non se poderán efectuar novas pasaxes en vías públicas.
Corpos voados	Cando se trate de edificacións situadas a beira de vías públicas, agás no caso das estradas, autorizaranse saíntes que deberán estar, como mínimo, 3.50 metros por enriba da rasante de rúa, medida no punto máis desfavorable. Non poderán superar o metro de ancho e respetarán en todo caso os recuados. Prohíbense expresamente os cospor voados pechados salvo en forma de galerías, corredores e balcóns. Non se permitirán voos sobre as aliñacións de edificación que den fronte ás



## Ordenanza reguladora Núcleo Rural Histórico-Tradicional

vías de titularidade autonómica.

Elementos saíntes	A resolución dos beirís responderá á tradicional dos núcleos. No se permite o remate das cubertas con cornixas ou molduras.
Patíns	As escaleiras de acceso exteriores se as houbese serán sempre paralelas as fachadas, nunca frontais e non poderán superar un desnivel maior de 1,50 metros e adoptarán a disposición de patín, desembocando en patamal ou corredor.
Patios	Poderanse construír patios entre as vivendas que configuren rueiro pechado, os efectos de garantila súa habitabilidade, cumprindo a normativa vixente.

### b. Elementos tipolóxicos

Peches de parcelas	<p>Poderanse autorizar peches de parcelas, sen que superen a altura de 1 metros. Poderán ser en pedra coas características e materiais e técnicas constructivas tradicionais no lugar, ou n, no seu caso, con malla de altura máxima 1,50m. para poder ser revestidos con especies vexetais. Quedan protexidos tódolos muros tradicionais existentes nos núcleos rurais. Os peches podrán ubicarse na aliñacion ou a unha distancia superior da vía.</p> <p>A posición dos peches das parcelas situados nas marxes das estradas de titularidade autonómica, segundo a tipoloxía, rexeranse polas súas condicións:</p> <p>Os peches completamente diáfanos, sobre piquetes sen cimentación de obra de fábrica, por circunstancias de aproveitamento agrícola ou gandeiro debidamente acreditadas, poderán situarse no borde da parcela (aliñación da vía ou aliñación).</p> <p>Os peches diáfanos, con cimentación de obra de fábrica que non sobresaia mais de cincuenta centímetros (50 cm.) en ningún punto da rasante do terreo, non poderán situarse entre a estrada e a liña mais alonxada dela que resulte de comparar a situación da aliñación oficial exterior coa dunha liña paralela ó borde da parcela a unha distancia de dous metros (2 metros) medida horizontal e ortogonalmente dende aquela.</p> <p>O resto de peches non diáfanos ou de obra de fábrica situaranse na aliñación de edificación ou liña de edificación, e de non grafarse, da aliñación, ou a unha distancia superior.</p>
Cubertas <sup>4</sup>	<p>Pendente igual ou inferior a 35º, con dúas ou mais augas, formada por planos continuos sen crebas nas súas vertentes. Quedan prohibidas as mansardas ou bufardas, e terrazas en cubertas. O material de acabado será a tella cerámica Os espazos baixocuberta recibirán a súa iluminación e ventilación polos testeiros, ou por pequenas ventás baixo o aleiro da cuberta, prohibense as mansardas e as bufardas.</p>
Fachadas <sup>5</sup>	Os acabados das fachadas poderán ser en pedra vista, ou enfoscado e pintado.

<sup>4</sup> Segundo o artigo 29.1.e da Lei 9/2002 da LOUGA



## Ordenanza reguladora Núcleo Rural Histórico-Tradicional

Carpintería exterior	<p>A cor a empregar será preferentemente o branco e as gamas próximas a este. Evitarase a fragmentación mediante liñas horizontais que marquen o forxado mediante calquera tipo de acabado.</p> <p>Os elementos de pedra, cargadoiros, soleiras, xambas serán da zona. En casos xustificadas pola calidade arquitectónica da edificación, poderán empregarse outros materiais ou cores que harmonicen cos valores naturais, a paisaxe rural e as edificacións tradicionais do contorno e logo da autorización preceptiva do concello no momento da tramitación da licenza.</p> <p>O acabado da carpintería exterior deberá ser preferentemente en cores azul, verde, marrón ou madeira. Os acabados serán mate</p> <p>A cor branca poderase empregar en fachadas de pedra ou fachadas de cor distinta a branca.</p>
----------------------	---


### c. Composición de fachadas, ocós, carpinterías.

A composición será libre pero empregaranse preferentemente as seguintes dimensións.

## AS PORTAS

Realizaranse nos materiais e cores sinalados no apartado 7. b. elementos tipolóxicos e terán as seguintes proporcións e características

Porta 1	De proporcións ancho/alto 2/3, dunha folla para acceso a vivendas. Pódese empregar en plantas baixorasante, baixa e de piso.
Porta 2	De proporcións ancho/alto 1/1,5, de dúas follas para acceso a vivendas. Pódese empregar en plantas baixorasante, baixa e de piso.
Porta 3	De proporcións máximas ancho/alto 3/2, dunha ou varias follas para acceso a usos diferentes a vivendas. Pódese empregar en plantas baixorasante ou baixa.



## AS VENTAS

Realizaranse nos materiais e cores sinalados no apartado 7. b. elementos tipolóxicos e terán as seguintes proporcións e características

<sup>5</sup> Segundo o artigo 29.1.b da Lei 9/2002 da LOUGA



### Ordenanza reguladora Núcleo Rural Histórico-Tradicional

Ventá 1	De proporcións ancho/alto 2/3, de dúas follas enrasadas pola cara superior das portas, pódese empregar en plantas baixorasante, baixa e de piso. Distribución da cristaleira en seis cadros.
Ventá 2	De proporcións ancho/alto 1/1, de dúas follas enrasadas pola cara superior das portas, pódese empregar en plantas baixorasante, e soamente en planta baixa nas fachadas que non haxa planta baixorasante. Distribución da cristaleira en catro cadros.
Porta 1	De proporcións máximas ancho/alto 1/2, de dúas follas, pódese empregar en planta baixa e de piso. Distribución da cristaleira en seis cadros.
Porta 1	De proporcións máximas ancho/alto 1/2, de dúas follas, pódese empregar en planta baixa e de piso. Distribución da cristaleira en oito cadros.
Barandilla 1	De 0,90 m. de altura en madeira ou forxa, de barrote sinxelo ou lixeiramente torneado, colocada enrasada coa fachada protexendo porta 1 ou 2.
Barandilla 2	De 0,90 m. de altura en forxa, de barrote sinxelo ou torneado, con elementos decorativos, colocada enrasada coa fachada ou en saínte de cornixa de 30 cm. Máximo protexendo porta 1 ou 2




**Artigo 3. Ordenanza  
reguladora Núcleo Rural  
Común**

A presente ordenanza reguladora será de aplicación ó ámbito dos núcleos rurais delimitados no presente plan xeral de ordenación municipal desenvolvendo as seguintes condicións.

1. Definición da ordenanza ou norma zonal
2. Uso característico
3. Usos permitidos
4. Obras e tipos de actuacións
5. Obras de urbanización
6. Parámetros das edificacións das obras de nova planta
7. Condicións ambientais e estéticas en todo tipo de obras

### Ordenanza reguladora Núcleo Rural Común

#### 1. DEFINICIÓN DA ORDENANZA OU NORMA ZONAL

- |  |   |
|--|---|
| a. Nome da ordenanza                       | Ordenanza de núcleo rural común   |
| b. Espírito da ordenanza                   | As novas edificacións que se pretendan realizar nos núcleos rurais identificaranse coas características propias do lugar e estarán encamiñadas a consolida-la trama rural existente, manterán as condicións ambientais do núcleo, a morfoloxía do asentamento e a tipoloxía das edificacións  |
| c. Ámbito de aplicación                    | Tódolos núcleos rurais delimitados e grafitada nos planos de ordenación de núcleos rurais e: 1:2.000 coa calificación de núcleo rural común.  |
| d. Sistema viario e ordenación tradicional | <p><u>Sistema viario</u><br/>O sistema viario dos núcleos está formada por viais que conforman unha rede primaria formada polas estradas provinciais que comunican os núcleos entre si, e viarios locais municipais, que comunican coas diferentes fincas, formando case sempre estruturas liñais ou radiais.<br/>As veces os viarios chegan a definir rueiros.</p> <p><u>Ordenación illada</u><br/>A ordenación illada é exenta, propia das edificación destinada á vivenda que conta con anexos á vivenda ou destinadas a usos agropecuarios.</p> |
| e. Tipoloxías edificatorias                | <p><u>Ámbito de núcleo</u> (ordenación mixta)<br/>Ordenación illada, admítense posicións exentas</p>  |

#### 2. USO CARACTERISTICO

- |             |   |
|-------------|---|
| Residencial | <p>Uso pormenorizado segundo <b>¡Error! No se encuentra el origen de la referencia.¡Error! No se encuentra el origen de la referencia.¡Error! No se encuentra el origen de la referencia.</b></p> |
|-------------|---|



## Ordenanza reguladora Núcleo Rural Común

### 3. USOS PERMITIDOS

Terciarios, productivos, turísticos, pequenos talleres, novas tecnoloxías da información, dotacionais, asistenciais e vinculados a servizos públicos

Uso pormenorizado segundo **¡Error! No se encuentra el origen de la referencia.**

### 4. OBRAS E TIPO DE ACTUACIÓN

- a. **Obras de conservación e mantemento** As definidas no Artigo 1.1.b e c, sempre e cando non supoñían variación das características esenciais do edificio, nin alteración do lugar, do volume e da tipoloxía tradicional, conservando os elementos tipolóxicos característicos das edificacións segundo o estudio do análise do asentamento poboacional.
- d. **Obras nas edificacións tradicionais ou de especial valor arquitectónico** As definidas no Artigo 1. 1.d, das edificacións tradicionais ou de especial valor arquitectónico existentes no núcleo rural, sempre que non supoñían variación das características esenciais do edificio nin alteración do lugar, do seu volume nin da tipoloxía orixinaria, sen necesidade de cumprir as condicións esixidas polo apartado 5. obras de urbanización e ó apartado 6. parámetros da edificación das obras de nova planta e ampliación conservando os elementos tipolóxicos característicos das edificacións segundo o estudio do análise do asentamento poboacional.
- b. **Obras de reforma** As definidas no Artigo 1. 1.e, de reforma e ampliación en planta ou altura das edificacións existentes que non impliquen variación da súa tipoloxía, e dos elementos tipolóxicos característicos das edificacións segundo o estudio do análise do asentamento poboacional.
- c. **Obras de nova planta** As definidas no Artigo 1.2.Obras de nova planta encamiñadas a consolidar a trama rural existente, mantendo as condicións ambientais do núcleo, a morfoloxía do asentamento e a tipoloxía das edificacións.
- d. **Obras de demolición** As definidas no Artigo 1. 1.g  
Quedan prohibidas as demolicións dos elementos tipolóxicos característicos das edificacións segundo o estudio do análise do asentamento poboacional.
- Queda prohibido o derrubamento ou a demolición das construcións existentes, agás os seguintes supostos:
- O daquelas construcións que non presenten un especial valor arquitectónico.
  - O das edificacións sen valor histórico ou etnográfico, ou o das que téndoo escaso estean en ruína técnica.
  - Todos os engadidos que desvirtúen a tipoloxía, a forma e o volume





## Ordenanza reguladora Núcleo Rural Común

de calquera edificación primitiva, ou que polos materiais neles empregados supoñan un efecto distorsionador para a harmonía e estética do conxunto edificatorio. Igualmente, todos os alpendres, almacéns e edificacións auxiliares que estean nas mesmas condicións.

- d. O das derivadas dun expediente de reposición da legalidade urbanística.

### e. Autorización das demolicións

Nos supostos previstos, solicitarase licenza de demolición achegándolle ó proxecto técnico un estudio xustificado e motivado do cumprimento e veracidade das circunstancias que concorren de acordo co especificado anteriormente.

### f. Actuacións prohibidas

As edificacións características das zonas urbanas e as que xa sexan de vivenda, auxiliares ou doutro uso, cuxa tipoloxía resulte impropia coas existentes no asentamento no que se proxecten, de acordó coa tipoloxía definida no plan xeral de ordenación urbanística e nas súas determinacións, sendo en todo caso as edificacións en tipoloxías de cuarteirón ou bloque. Non se inclúen neste concepto os invernadoiros con destino exclusivo á produción agraria, que poderán instalarse en calquera tipo de núcleo rural sempre que a súa construción sexa a base de materiais lixeiros e facilmente desmontables.

As naves industriais de calquera tipo. Non teñen dita consideración as pequenas construcións relacionadas coas actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasamento de produtos do sector primario.

Aqueles movementos de terras que supoñan unha agresión ao medio natural ou que varíen a morfoloxía da paisaxe do lugar.

A apertura de pistas, rúas ou camiños que non estean previstos no planeamento, así como a ampliación dos existentes e o derrubamento, de maneira inxustificada, de muros tradicionais dos rueiros ou corredoiras, agás disposición do planeamento que o autorice.

As novas instalacións destinadas á produción gandeira, agás as pequenas construcións destinadas a usos gandeiros para o autoconsumo aquelas explotacións gandeiras que figuran así definidas na normativa sectorial correspondente

As vivendas acaroadas, proxectadas en serie, de características similares e colocadas en continuidade en máis de tres unidades.

Os novos tendidos aéreos de telefonía, electricidade e outros.

Aqueles usos que, xa sexa polo tamaño das construcións, pola natureza dos procesos de produción, polas actividades que se van desenvolver ou por outras condicións, aínda cumprindo cos requisitos da lexislación medioambiental, non sexan propios do asentamento rural.

A execución de actuacións integrais e consecuentes operacións de reparcelamento, ou outras actuacións de parcelamento ou segregación do parcelario orixinal, que determinen a desfiguración da tipoloxía do núcleo e a destrución dos valores que xustificaron a súa clasificación como tal.

Non se permitiran parcelacións no caso das parcelas que contén unicamente con acceso a través dunha estrada de titularidade autonómica, agás que



## Ordenanza reguladora Núcleo Rural Común

todalas parcelas resultantes teñan resolto o seu acceso por viais públicos que non sexan de titularidade autonómica.

### 5. OBRAS DE URBANIZACIÓN

#### a. Servicios e accesos rodados

Para autoriza-las edificacións esixírase ter resoltos, con carácter previo e a custa do promotor, como mínimo os servizos de acceso rodado, abastecemento de auga, evacuación e tratamento das augas residuais e subministración de enerxía eléctrica ou, noutro caso, garanti-la execución simultánea coa edificación.

Para edificar no ámbito dos núcleos rurais, deberá executarse a conexión coas redes de servizo existentes no núcleo rural ou nas súas proximidades. De non existir, deberán resolverse por medios individuais con cargo ao promotor da edificación e co compromiso de conexión cando se implanten os servizos.

Cando existan previsións de instalación de redes de servizo e instalacións en planeamento que a prevexa, e unha vez aprobado este definitivamente, realizarase a conexión coas redes existentes no núcleo rural ou nas súas proximidades.

poderá autorizarse a execución simultánea das obras de acometida, urbanización e edificación.

Os pozos de abastecemento as vivendas terán que estar distanciados de calquera fosa séptica, esterqueira ou foco contaminante alomenos 20 m

#### b. Espacio viario

Os propietarios deberán cederlle ó municipio os terreos destinados polo planeamento a viais, fóra das aliñacións, que resulten necesarios para que a parcela sexa edificable.

O cumprimento efectivo do deber de cesión terá lugar coa solicitude da licenza. Esta cesión formalizarase en documento público, acompañado de plano ou documento gráfico onde se exprese con precisión a superficie obxecto de cesión conforme as aliñacións establecidas.

#### c. Regulación dos accesos

Os accesos as estradas realizaranse preferentemente a través doutras vías, pudiendo en todo caso autorizarse o acceso directo sempre e cando que ó único acceso posible sexa a estrada ou que non puidese realizarse na vía alternativa por causas obxectivas e razoadas, e cumprírase a lexislación sectorial de aplicación

Nos núcleos rurais non se realizarán accesos directos as estradas autonómicas, agás os accesos existentes, debendo realizarse os accesos ás parcelas dos mesmos a través doutras vías.

### 6. PARÁMETROS DA EDIFICACIÓN DAS OBRAS DE NOVA PLANTA E AMPLIACIÓN

Tódalas obras de nova planta e ampliación cumprirán as condicións de este apartado, non serán de aplicación o resto das obras.

#### a. Condicións da parcela

Parcela mínima	600 m <sup>2</sup>
----------------	--------------------



## Ordenanza reguladora Núcleo Rural Común

<p>Fronte mínimo de parcela Círculo inscrito</p>	<p>Agás casos excepcionais debidamente xustificados de parcelas inferiores localizadas entre outras xa edificadas que imposibiliten alcanzar a parcela mínima. 8 metros En posicións illadas o círculo será de 15 m. de diámetro. En posicións adosadas o círculo será de 8 m. De diámetro.</p>
<b>b. Posición da edificación na parcela</b>	
<p>Aliñación</p>	<p>Serán os fixados nos planos de ordenación, que se determinarán no momento das solicitudes das aliñacións, segundo o <b>¡Error! No se encuentra el origen de la referencia.</b> de aliñacións e rasantes.</p>
<p>Recuado da edificación</p>	<p>6 metros mínimo a eixo da vía, e ademais cumprírase a lexislación sectorial de aplicación, agás que o recuamento estea grafitado nos planos de ordenación.</p>
<p>Distancia a lindeiros</p>	<p>Posterior: 3 metros Laterais: 3 metros en caso de que se quixese recuar unha edificación ós lindeiros laterais.</p>
<b>c. Intensidade da edificación</b>	
<p>Superficie ocupada máxima en planta pola edificación</p>	<p>Non se establece</p>
<p>Coefficiente de ocupación</p>	<p>40 % , computará os efectos, tanto a construción principal como as auxiliares. cando se trate da excepción de parcelas de superficie menor ca mínima sinalada, a ocupación poderá superala porcentaxe expresada, sen sobrepasa-la ocupación máxima sinalada.</p>
<p>Edificabilidade máxima</p>	<p>0.4 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>, computará os efectos, tanto a construción principal como as auxiliares.</p>
<p>Volume máximo</p>	<p>O volume máximo de construción delimitado polos planos de fachada e de cuberta.</p>
<b>d. Volume da edificación</b>	
<p>Número de plantas</p>	<p>Dúas plantas medidas desde a rasante de beirarrúa que da acceso a edificación. As plantas que verifiquen as condicións definidas no <b>¡Error! No se encuentra el origen de la referencia. ¡Error! No se encuentra el origen de la referencia.</b>, terán a consideración de plantas baixorasante.</p>
<p>Altura máxima</p>	<p>7 metros medidos no centro de tódalas fachadas, desde a rasante natural do terreo ó arrinque inferior da vertente de cuberta.</p>
<p>Altura de coroación</p>	<p>3,50 m. a partir do arranque inferior da vertente da cuberta hasta o cumio da edificación.</p>
<p>Pendente de cuberta</p>	<p>Pendente igual ou inferior a 40º</p>



## Ordenanza reguladora Núcleo Rural Común

Altura máxima da edificación	Cumprirá tódolos parámetros anteriormente indicados, e quedará supeditada a súa fixación o establecemento de aliñacións e rasantes segundo o <b>¡Error! No se encuentra el origen de la referencia.</b> aliñacións e rasantes
------------------------------	---

### 7. CONDICIÓN AMBIENTAIS E ESTÉTICAS EN TODO TIPO DE OBRAS

#### a. Formas da edificación

Soportais e pasaxes	Poderase recuar a planta baixa. Non se poderán efectuar novas pasaxes en vías públicas.
Corpos voados	Cando se trate de edificacións situadas a beira de vías públicas, agás no caso das estradas, autorizaranse saíntes que deberán estar, como mínimo, 3,50 metros por enriba da rasante de rúa, medida no punto máis desfavorable. A lonxitude máxima dos voos será do 6% do largo da rúa, cun límite de 1,00 metros. Non se permitiran voos sobre as aliñacións de edificación que den fronte ás vías de titularidade autonómica.
Elementos saíntes	Permítense
Patíns	As escaleiras de acceso exteriores se as houbese serán sempre paralelas as fachadas, nunca frontais e non poderán superar un desnivel maior de 1,50 metros.
Patios	Poderanse construír patios entre as vivendas que configuren rueiro pechado, os efectos de garantila súa habitabilidade, cumprindo a normativa vixente.

#### b. Elementos tipolóxicos

Peches de parcelas	<p>Poderanse autorizar peches de parcelas, sen que superen a altura de 1,5 metros. Poderán ser en pedra coas características e materiais e técnicas constructivas tradicionais no lugar, ou n, no seu caso, con malla de altura máxima 1,50m. para poder ser revestidos con especies vexetais.</p> <p>Quedan protexidos tódolos muros tradicionais existentes nos núcleos rurais.</p> <p>Os peches poderan ubicarse na aliñación ou a unha distancia superior da vía.</p> <p>A posición dos peches das parcelas situados nas marxes das estradas de titularidade autonómica, segundo a tipoloxía, rexeranse polas súas condicións:</p> <p>Os peches completamente diáfanos, sobre piquetes sen cimentación de obra de fábrica, por circunstancias de aproveitamento agrícola ou gandeiro debidamente acreditadas, poderán situarse no borde da parcela (aliñación da vía ou aliñación).</p> <p>Os peches diáfanos, con cimentación de obra de fábrica que non sobresaia mais de cincuenta centímetros (50 cm.) en ningún punto da rasante do terreo, non poderán situarse entre a estrada e a liña mais alonxada dela que resulte de comparar a situación da aliñación oficial exterior coa dunha liña paralela ó borde da parcela a unha distancia de dous metros (2 metros) medida horizontal e ortogonalmente dende aquela.</p> <p>O resto de peches non diáfanos ou de obra de fábrica situaranse na aliñación de edificación ou liña de edificación, e de non grafarse, da aliñación, ou a unha distancia superior.</p>
--------------------	--



## Ordenanza reguladora Núcleo Rural Común

Cubertas	<p>Pendente igual ou inferior a 40º, con dúas ou mais augas. O material de acabado será a tella cerámica. Estará formada por planos continuos sen crebas nas súas pendentes. Os espazos baixocuberta recibirán a súa iluminación e ventilación polos testeiros, ou por pequenas ventás baixo o aleiro da cuberta. Prohíbense as mansardas e bufardas.</p>
Fachadas	<p>Os acabados das fachadas serán preferentemente en pedra vista, ou enfoscado e pintado, podendo empregarse outros materiais.</p>
Carpintería exterior	<p>O acabado da carpintería exterior deberá ser preferentemente en cores azul, verde, marrón ou madeira.</p> <p>Poiden empregarse outro tipo de cores.</p>

### c. Composición de fachadas, ocós, carpinterías.

A composición será libre

#### 4.4.3 Normativa de protección do patrimonio histórico

##### Artigo 4.    Ámbito

1. A normativa do presente Título será de aplicación para os bens recollidos no Catálogo do presente documento e os seus contornos de protección.

##### Artigo 5.    Réxime de lexislación aplicable

1. Serán de aplicación as presentes normas reguladoras contidas neste título e tódalas lexislación sectorial existente sobre o Patrimonio, a cal se relaciona a continuación, e que serviu para definilas determinacións das presentes norma reguladoras.
  - a. Lei 16/1985, de 25 de xuño, de Patrimonio Histórico Español
  - b. Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
  - c. Decreto 199/1997, do 10 de Xuño, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.
  - d. Decreto 113/2010, do 17 de xuño, polo que se modifica o Decreto 39/2007, do 8 de marzo, polo que se regula a composición e funcionamento das comisións territoriais do Patrimonio Histórico Galego.
  - e. Decreto 22 de abril de 1949, sobre protección dos castelos españois.
  - f. Decreto 571/1963, de 14 de marzo, sobre protección dos escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pedras similares de interese histórico artístico.
  - g. Decreto 449/1976, de 22 de febreiro, polo que se colocan baixo protección do estado os "hórreos" ou "cabazos", antigos existentes en Asturias e Galicia.
  - h. Decreto 199/1997, do 10 de xullo, regulación da actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma Galega.
  - i. Decreto 232/2008, do 2 de outubro, sobre o inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia.
2. Tamén será de aplicación toda lexislación sectorial que complementa ou substitúa a anterior.

##### Artigo 6.    Catálogo Urbanístico

1. O catálogo é un instrumento complementario do Plan Xeral de Ordenación Municipal que ten por obxecto identificalos bens móbiles, bens inmateriais, e bens inmobeis, ou outros elementos que, polas súas



- singulares características ou valores culturais, artísticos, históricos, arquitectónicos, arqueolóxicos, etnográficos, paisaxísticos, científicos, técnicos e paleontolóxicos, así coma os conxuntos urbanos, lugares etnográficos, xacementos e zonas arqueolóxicas e paleontolóxicas, así coma os territorios históricos, e os sitios naturais, xardíns e parques que teñan valor histórico, artístico ou antropológico, que se considera conveniente conservar, mellorar ou recuperar e integran o patrimonio cultural de Galicia.
2. No catálogo se inclúen todos os bens do patrimonio cultural, tantos os inscritos no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia, como no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, así como aqueles que indique motivadamente a consellería competente en materia de patrimonio cultural ou a entidade local correspondente, estean ou non incorporados ó Censo de Patrimonio Cultural.
  3. Os bens inmobles recollidos individualmente no Catálogo urbanístico intégranse no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia.
  4. O Catálogo contén unha ficha individualizada de cada elemento catalogado. As determinacións que conteñen as fichas do catálogo teñen carácter normativo e constitúen, xunto co presente Título XII de protección do Patrimonio, o marco normativo específico de protección do patrimonio cultural establecido por este plan xeral de ordenación municipal.

#### **Artigo 7. Réxime xeral de aplicación**

1. As presentes ordenanzas reguladoras prevén as medidas necesarias para a protección, conservación, recuperación e aproveitamento social e cultural dos bens incluídos no catálogo.
2. Os elementos contidos no presente catálogo, gozarán dunha protección baseada en evitar a súa desaparición, estando baixo a responsabilidade do Concello e da Consellería de Cultura que haberá de autorizar calquera intervención que lle afecte segundo.
3. Tódalas obras ou intervencións que afecten aos bens incluídos no catálogo de protección, ou afecten o contorno de protección do ben ou zona de amortecemento, antes do outorgamento da licenza municipal, precisarán de autorización da Consellería de Cultura, segundo o art.39. da Lei 5/2016.
4. Os Concellos, os cales serán responsables da súa vixilancia e conservación, debendo por en coñecemento da Consellería de Cultura calquera infracción, sen prexuízo de adoptar provisionalmente polos concellos as medidas de seguridade oportunas.

#### **Artigo 8. Regulación dos bens incluídos no catálogo de protección**

1. Tódolos bens incluídos no catálogo quedan suxeitos a unha especial protección. Calquera intervención nun elemento do catálogo ou no seu entorno está regulada en función dos diferentes grados de protección aplicados a cada elemento e as súas áreas de protección.
2. Non se poderán cambiar de lugar nin realizar neles obra ou reparación algunha sen previa autorización da Consellería de Cultura.
3. Na declaración de ruína dun elemento catalogado a Consellería de Cultura poderá intervir como interesada no devandito expediente debendo serlle notificada a apertura e as resolucións que neste se adopten. En ningún caso poderá procederse á demolición sen licenza municipal e previa autorización da Consellería de Cultura.

No suposto de que a situación de ruína leve consigo perigo inminente de danos a persoas, a entidade que incoase expediente de ruína haberá de adoptar as medidas oportunas para evitar os devanditos danos.

Tomaranse as medidas necesarias que garantan o mantemento das características e elementos singulares do edificio, que non poderán incluír máis demolicións que as estritamente necesarias, e ateranse aos termos previstos na resolución da Consellería de Cultura.

A situación de ruína producida por incumprimento do previsto no apartado anterior levará consigo a reposición, por parte do titular da propiedade, do ben ao seu estado primixenio.



**Artigo 9. Niveis ou graos de  
protección dos elementos  
catalogados**

1. Se definen tres niveis ou graos de protección dos elementos catalogados.
  - a. Integral.
  - b. Estrutural.
  - c. Ambiental.

**Artigo 10. Tipos de intervención**

1. As intervencións nos bens materiais protexidos polo seu valor cultural ou, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento poden clasificarse nalgúns dos seguintes tipos:
  - a. Investigación: accións que teñan como obxectivo ampliar o coñecemento sobre o ben ou o seu estado de conservación e que afecten directamente o seu soporte material. Inclúe as accións e procedementos necesarios para elaborar un diagnóstico e caracterizar os materiais e os riscos que afectan o ben
  - b. Valorización: medidas e accións sobre os bens culturais ou o seu ámbito próximo que teñan por obxecto permitir a súa apreciación, facilitar a súa interpretación e acrecentar a súa difusión, especialmente no ámbito educativo, e a súa función social
  - c. Mantemento: actividades cotiás, continuas ou periódicas de escasa complexidade técnica sobre o soporte material dos bens ou o seu ámbito próximo para que manteñan as súas características, funcionalidade e lonxevidade, sen que se produza ningunha substitución ou introdución de novos elementos. Procedementos e actuacións de monitorización que teñan por obxecto realizar o seguimento e medición das lesións, dos axentes de deterioración ou dos posibles factores de risco, e os dirixidos a implantar e desenvolver accións de conservación preventiva.
  - d. Conservación: medidas e accións dirixidas a que os bens conserven as súas características e os seus elementos en adecuadas condicións, que non afecten a súa funcionalidade, as súas características formais ou o seu soporte estrutural, polo que non supoñerán a substitución ou a alteración dos seus principais elementos estruturais ou de deseño, pero si actuacións no seu ámbito co obxecto de evitar as causas principais da súa deterioración.
  - e. Consolidación: accións e medidas dirixidas ao afianzamento, o reforzo ou a substitución de elementos danados ou perdidos para asegurar a estabilidade do ben, preferentemente co uso de materiais e elementos da mesma tipoloxía que os existentes, ou con alteracións menores e parciais dos seus elementos estruturais, respectando as características xerais do ben. Reestruturación
  - f. Restauración: accións para restituír o ben ou as súas partes ao seu debido estado, sempre que se dispoña da documentación suficiente para coñecelo ou interpretalo, con respecto aos seus valores culturais. A restauración pode implicar a eliminación de elementos estraños ou engadidos sen valor cultural ou a recuperación de elementos característicos do ben, conservando a súa funcionalidade e estética.
  - g. Rehabilitación: accións e medidas que teñan por obxecto permitir a recuperación dun uso orixinal perdido ou novo compatible cos valores orixinais dun ben ou dunha parte del, que poden supoñer intervencións puntuais sobre os seus elementos característicos e, excepcionalmente e de maneira xustificada, a modificación ou a introdución de novos elementos imprescindibles para garantir unha adecuada adaptación aos requirimentos funcionais para a súa posta en uso. Inclúense as accións destinadas á adaptación dos bens por razón de accesibilidade.
  - h. Reestruturación: accións de renovación ou transformación en inmobles nos que non se poida garantir o seu mantemento ou o seu uso polas súas malas condicións de conservación ou por deficiencias estruturais e funcionais graves e que poden supoñer unha modificación da súa configuración espacial e a substitución de elementos da súa estrutura, acabado ou outros determinantes da súa tipoloxía, cun alcance puntual, parcial ou xeral.



- i. Ampliación: accións destinadas a complementar en altura ou en planta bens inmobles existentes con criterios de integración compositiva e coherencia formal compatibles e respectuosos cos seus valores culturais preexistentes
  - j. Reconstrución: acción destinada a completar un estado previo dos bens arruinados utilizando partes orixinais destes cuxa autenticidade poida acreditarse. Por razóns xustificadas de recomposición, interpretación e correcta lectura do valor cultural ou da imaxe do ben admitiranse reconstrucións parciais de carácter didáctico ou estrutural, que afecten elementos singulares perfectamente documentados.
2. Para todo tipo de actuacións nos elementos incluídos no catálogo así como nos contornos de protección dos elementos patrimoniais será necesaria a autorización da Consellería competente en materia de patrimonio cultural.

### Artigo 11. Nivel Integral

#### 1. Definición

Réxime de protección aplicable a aqueles bens de interese histórico, artístico, cultural ou etnográfico nos que sexa preciso a conservación íntegra do ben e de todos os seus elementos e compoñentes, nun estado o máis próximo posible ao orixinal desde a perspectiva de todos os valores culturais que conforman o interese do ben, respectando a súa evolución, transformacións e contribucións ao longo do tempo.

#### 2. Obras permitidas

- a. Investigación
- b. Valorización
- c. Mantemento
- d. Conservación
- e. Consolidación
- f. Restauración
- g. Rehabilitación
- h. Reestruturación
- i. Ampliación
- j. Reconstrución.

#### 3. Obras autorizables

- a. Investigación
- b. Valorización
- c. Mantemento
- d. Conservación
- e. Consolidación
- f. Restauración
- g. Rehabilitación: poderán autorizarse sempre que o proxecto de intervención garanta a conservación dos valores culturais protexidos e que se trate de adaptacións necesarias para adecuar o uso orixinal aos condicionantes actuais de conservación, seguridade, accesibilidade, confortabilidade ou salubridade ou para adecuar o ben a un novo uso compatible cos seus valores culturais que garanta a súa conservación e o acceso público a el.
- h. Ampliación: Aquelas que respondan a ampliacións exclusivamente en planta, no marco dunha actuación de rehabilitación, con carácter complementario a esta, sempre que resulten imprescindibles para desenvolver o uso proposto e se resolvan como volumes diferenciados
- i. Reconstrución: serán autorizables de xeito excepcional, cando se utilicen partes, elementos e materiais orixinais dos que se poida probar a súa autenticidade e posición orixinal.

### Artigo 12. Nivel Estrutural

#### 1. Definición





Réxime de protección aplicable a aqueles bens onde é preciso a conservación dos elementos máis significativos e relevante do ben, así como daqueles que resulten máis característicos tipoloxicamente ou que sexan obxecto dunha concreta apreciación cultural.

## 2. Obras autorizables

- a. Investigación
- b. Valorización
- c. Mantemento
- d. Conservación
- e. Consolidación
- f. Restauración
- g. Rehabilitación
- h. Reestruturación: As obras de reestruturación puntual ou parcial poderán autorizarse se a través do proxecto de intervención se xustifica a súa necesidade de forma específica e documentada e se se reducen a un alcance limitado sobre os elementos irrecuperables, que deberán ser substituídos por elementos análogos ou coherentes dos orixinais.
- i. Ampliación: As ampliacións en planta e en altura, dun ben inmovible no marco dunha actuación de rehabilitación, con carácter complementario a esta, sempre que resulten imprescindibles para desenvolver o uso proposto e que no seu deseño se conserven a súa concepción e o seu significado espacial.
- j. Reconstrución: Será autorizable de forma excepcional, cando se utilicen partes, elementos e materiais orixinais cuxa autenticidade e posición orixinal se poidan probar.

### Artigo 13. Nivel Ambiental

#### 1. Definición

Réxime de protección aplicable ós bens nos que é preciso a conservación dos aspectos máis visibles e evidentes dos bens que, malia non presentaren un interese individual destacable, conforman o ambiente dun lugar de forma homoxénea e harmoniosa.

#### 2. Obras permitidas

- a. Conservación
- b. Restauración
- c. Consolidación
- d. Rehabilitación
- e. Reestruturación

#### 3. Obras autorizables

- a. Ampliación  
En determinadas circunstancias, sempre que non produza menoscabo nos valores a protexer. A adición de plantas só se permitirá no caso de que o permita a Ordenanza de aplicación e na ficha se estableza de xeito pormenorizado que se permite.

### Artigo 14. Contornos de protección do patrimonio arquitectónico e etnográfico.

#### 1. Definición

O contorno de protección dos bens inmovibles de interese cultural e catalogados comprende o ámbito constituído polos espazos e construcións próximas cuxa alteración incida na percepción e comprensión dos valores culturais dos bens no seu contexto ou poida afectar a súa integridade, apreciación ou estudo.

Para todo tipo de actuacións nos contornos de protección dos elementos patrimoniais será necesaria a



autorización da Consellería competente en materia de patrimonio cultural.

## 2. **Ámbito**

O contorno de protección atópase grafado nos planos de ordenación. No caso de non grafarse, será de aplicación os contornos de protección subsidiarios definidos nos art.38 da Lei5/2016.

## 3. **Actuacións permitidas**

As actuacións que se pretendan estarán supeditadas á conservación das características morfolóxicas, cromáticas e tipolóxicas do contorno que harmonicen cos bens protexidos así como o mantemento ou mellora das condicións de visibilidade destes.

Será preciso previo outorgamento da licenza municipal a obtención da autorización do Órgano competente de en materia de protección do patrimonio cultural nos seguintes casos:

- a. Todas as obras de nova edificación, construción ou instalación, incluíndo as de carácter provisional.
- b. Todas as obras (conservación, restauración, consolidación, rehabilitación, reestruturación ou ampliación) ou calqueira intervención en edificios existentes que se manifeste ó exterior, a espazo público privado.
- c. As intervencións sobre a estrutura parcelaria existente (agregacións ou segregacións) os elementos construtivos configuradores da paisaxe ou do espazo urbano (peches, noiros...) ou a topografía existente (movementos de terras)
- d. Os proxectos de urbanización.
- e. Aquelas actividades ou usos suxeitos a licenza municipal con incidencia sobre os bens protexidos.
- f. As repoboacións forestais e as talas que pola superficie afectada teñan incidencia territorial.

## 4. **Condiciones estéticas nos contornos de protección**

As seguintes condicións serán de cumprimento nos contornos de protección para todo tipo de obras:

- a. As canles e baixantes non presentaran molduras e serán de chapa metálica (cinc, cobre...) con acabado mate e sección preferentemente circular.
- b. Para o acabado das edificacións empregárase a pedra ou os materiais tradicionais e propios da zona. Non se permitirán os chapados.
- c. Os elementos de escurecemento serán preferentemente contras de interiores de madeira, prohibíndose as persianas exteriores.

En Lugo, a Novembro de 2.017

BELINDA YEPES JIMÉNEZ,

Enxeñeira Civil col.22.835  
Enxeñeira de Montes col.5.030

Promotor:



Concello de  
Becerreá

## 5. COMPOSICIÓN DEL EQUIPO REDACTOR

El equipo multidisciplinar se encuentra formado por los siguientes miembros:

- BELINDA YEPES JIMENEZ. Enxeñeira Civil
- SUSANA VEIGA RAPOSO. Arquitecta técnica
- MARIA JOSE FERNANDEZ LOPEZ, Abogada

Promotor:



Concello de  
Becerreá

## 6. CATÁLOGO

FASE DE APROBACIÓN INICIAL

Modificación Puntual fas NNSSPP do Concello de Becerreá: Delimitación do núcleo rural de Venda de Cruzul  
NOVEMBRO 2017

LOCALIZACIÓN

LUGAR Venda de Cruzul (A) COORD.ETRS 89 FUSO 29  
 PARROQUIA CRUZUL(SAN MARTIÑO) 651.365  
 4.746.080

ACCESOS:

No cruce da N-VI coa LU-722

DESCRIPCIÓN DO BEN

TIPOLOXIA	Arq.civil - Casa
ÉPOCA	século.XIX
TITULARIDADE	Privada
TRANSFORMACIÓNS	
CONSERVACION	ben conservado

DESCRIPCIÓN DO BEN

Conxunto de edificacións de estilo sobrio e popular, de planta rectangular e cerramentos de cachoteria revocada e pintada. As vivendas distribúense en dúas alturas. Destaca a galería pechada de madeira da edificación do cruce. As carpinterías son de madeira e as cubertas son de lousa a dúas augas,

DESCRIPCIÓN DO ENTORNO

Atópase nun entorno de núcleo de casas

RELACION CON OUTROS BENS MATERIAIS:

Protección do ben

BEN DE INTERESE CULTURAL

DISPOSICIONS DECLARACIÓN BIC:

ORDENANZA DE APLICACION: Patrimonio etnográfico. Ambiental

ACTUACIÓNS ENCAMIÑADAS A SUA CONSERVACIÓN: Sustitución do material de cubrición da cuberta da edificación auxiliar mantendo a tipoloxía tradicional de vivendas.

PLANO DE SITUACIÓN



FOTO



Promotor:



Concello de  
Becerreá

## 7. PLANOS

Plano nº1: Situación

Plano nº2: Emprazamento

Plano nº3: Situación urbanística

Plano nº4: Plano de información


Plano nº5: Afeccións sectoriais

Plano nº6: Delimitación do solo

Plano nº7: Ortofoto histórica

Plano nº8: Ortofoto PNOA

Plano nº9: Anexo fotográfico





Modificación Puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Becerreá  
**DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE VENDA DE CRUZUL**  
**APROBACIÓN INICIAL**

**Plano nº 1**  
**Situación**

Escala S/E  
 Data: Novembro 2.017

Promotor:  
 **Concello de Becerreá**

  
 Belinda Yepes Jimenez  
 Ingeniera Civil col.22.385  
 Ingeniera de Montes col.5.030




**Modificación Puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Becerreá**  
**DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE VENDA DE CRUZUL**  
**APROBACIÓN INICIAL**


**Plano nº 2**  
**Emprazamento**

Escala: 1/10.000  
 Data: Novembro 2.017

Promotor:  
 **Concello de Becerreá**

  
 Belinda Yepes Jimenez  
 Ingeniera Civil col.22.385  
 Ingeniera de Montes col.5.030





CLASIFICACIÓN DEL SUELO NO URBANIZABLE DE PROTECCIÓN			CLASIFICACIÓN DEL SUELO NO URBANIZABLE DE PROTECCIÓN			CLASIFICACIÓN DEL SUELO NO URBANIZABLE DE PROTECCIÓN			PROTECCIÓN DEL PATRIMONIO	
S.N.U.N.R.	SUELO NO URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL		S.N.U.P.A.	SUELO NO URBANIZABLE DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA		S.N.U.P.C.	SUELO NO URBANIZABLE DE PROTECCIÓN DE CAUCES			PROTECCIÓN DEL PATRIMONIO
S.N.U.V.M.	SUELO NO URBANIZABLE PARA VERTEDERO MUNICIPAL		S.N.U.P.F.	SUELO NO URBANIZABLE DE PROTECCIÓN FORESTAL		S.N.P.E.N.	SUELO NO URBANIZABLE DE PROTECCIÓN DE ESPACIOS NATURALES			FUENTE, ALPENDRE O LAVADERO
S.N.U.P.I.	SUELO NO URBANIZABLE DE PROTECCIÓN PAISAJÍSTICA		S.N.U.P.I.	SUELO NO URBANIZABLE DE PROTECCIÓN DE INFRAESTRUCTURAS		S.N.U.P.P.	SUELO NO URBANIZABLE DE PROTECCIÓN DEL PATRIMONIO			ESCUELA
										OTROS EQUIPAMIENTOS

Modificación Puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Becerreá  
**DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE VENTA DE CRUZUL**  
**APROBACIÓN INICIAL**

Plano nº 3  
 Planeamento urbanístico

Escala s/e  
 Data: Novembro 2.017

Promotor:  
 Concello de Becerreá

Belinda Yepes Jimenez  
 Ingeniera Civil col.22.385  
 Ingeniera de Montes col.5.030



- Vivenda tradicional
- Vivenda recente
- Edificación auxiliar tradicional
- Edificación auxiliar recente
- Edificación en construcción

- Parcelario catastral
- Rede abastecemento municipal

**Modificación Puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Becerreá**  
**DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE VENTA DE CRUZUL**  
**APROBACIÓN INICIAL**

**Plano nº 4**  
**Plano de información**


Escala: 1/1.000  
 Data: Novembro 2.017

Promotor:  
**Concello de Becerreá**

Belinda Yepes Jimenez  
 Ingeniera Civil col.22.385  
 Ingeniera de Montes col.5.030



- Vivenda tradicional
- Vivenda recente
- Edificación auxiliar tradicional
- Edificación auxiliar recente
- Edificación en construcción




**Modificación Puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Becerreá**  
**DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE VENTA DE CRUZUL**  
**APROBACIÓN INICIAL**

**Plano nº 5**  
**Afeccións sectoriais**





Escala: 1/1.000  
 Data: Novembro 2.017

Promotor:  
**Concello de Becerreá**






Belinda Yepes Jimenez  
 Ingeniera Civil col.22.385  
 Ingeniera de Montes col.5.030





**ORDENACIÓN DOS NÚCLEOS RURAIS**

-  NRT-02 Solo de núcleo rural histórico tradicional  
Identificación ámbito
-  NRC-02 Solo de núcleo rural común  
Identificación ámbito
-  Cota
-  Aliñación
-  Recuamento ou Aliñación da edificación

**TIPOLOXÍA DAS EDIFICACIÓNS**

-  Vivenda tradicional
-  Vivenda recente
-  Edificación auxiliar tradicional
-  Edificación auxiliar recente
-  Edificación en construción

**PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL**



- 100 N° catálogo
- BEN CATALOGADO
-  Arquitectónico civil
- CONTORNO DE PROTECCIÓN
-  Ben arquitectónico etnográfico

**Modificación Puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Becerreá**  
**DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE VENTA DE CRUZUL**  
**APROBACIÓN INICIAL**

**Plano nº 6**  
**Delimitación do solo de núcleo rural**  
 Escala: 1/1.000  
 Data: Novembro 2.017

Promotor:  
 **Concello de Becerreá**  
  
 Belinda Yepes Jimenez  
 Ingeniera Civil col.22.385  
 Ingeniera de Montes col.5.030




-  NRT-02 Solo de núcleo rural histórico tradicional  
Identificación ámbito
-  NRC-02 Solo de núcleo rural común  
Identificación ámbito

**Modificación Puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Becerreá**  
**DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE VENTA DE CRUZUL**  
**APROBACIÓN INICIAL**



**Plano nº 7**  
**Ortofoto PNOA**

Escala: 1/1.000  
 Data: Novembro 2.017

Promotor:  
 **Concello de Becerreá**

  
 Belinda Yepes Jimenez  
 Ingeniera Civil col.22.385  
 Ingeniera de Montes col.5.030



-  NRT-02 Solo de núcleo rural histórico tradicional  
Identificación ámbito
-  NRC-02 Solo de núcleo rural común  
Identificación ámbito

**Modificación Puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Becerreá**  
**DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE VENTA DE CRUZUL**  
**APROBACIÓN INICIAL**


**Plano nº 8**  
**Ortofoto Historica**

Escala: 1/2.000  
Data: Novembro 2.017



Promotor:  
 **Concello de Becerreá**



Belinda Yepes Jimenez  
Ingeniera Civil col.22.385  
Ingeniera de Montes col.5.030



NRC-01




NRT-01





NRT-02

CONXUNTO DE EDIFICACIÓN TRADICIONAIS

01



NRT-03

-  NRT-02 Solo de núcleo rural histórico tradicional
-  Identificación ámbito
-  NRC-02 Solo de núcleo rural común
-  Identificación ámbito

Modificación Puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Becerreá  
**DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE VENTA DE CRUZUL**  
**APROBACIÓN INICIAL**

Plano nº 9  
 Anexo fotográfico

Escala: 1/1.000  
 Data: Novembro 2.017

Promotor:  
 Concello de Becerreá



Belinda Yepes Jimenez  
 Ingeniera Civil col.22.385  
 Ingeniera de Montes col.5.030